

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2025.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA.

VOGAIS:

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA.
DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ.
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO (*En substitución de D. JORGE CUBELA LÓPEZ*).
DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
DONA MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ.
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
DONA NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 21 de abril de 2025 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste o Deputado, Don Jorge Cubela López, sendo substituído polo Deputado, Don Javier Tourís Romero.

Asisten o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. *Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, correspondentes do día 21 de marzo de 2025. (Expte.- 2023057599).***

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 21 de marzo de 2025.

- 2. *Delegación de competencias do Concello de Cerdedo-Cotobade a favor da Deputación para desenvolver as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación da taxa pola entrada de vehículos con ou sen vao e reservas de vía pública temporais. (Expte.- 2025024151 - 2025006648).***



O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a delegación de competencias do Concello de Cerdedo-Cotobade a favor da Deputación para desenvolver as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación da taxa pola entrada de vehículos con ou sen vao e reservas de vía pública temporais, asinada con data 24 de marzo de 2025 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Concello de Cerdedo - Cotobade na sesión que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2025, acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación da taxa pola entrada de vehículos con u sen vao e reservas de vía pública temporais, nos termos que constan na certificación do Acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Xestión de Recursos Públicos, Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores, Servizo de Recadación, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Tesourería e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar a delegación efectuada polo concello de Cerdedo – Cotobade das facultades íntegras de xestión tributaria e recadación da taxa pola entrada de vehículos con u sen vao e reservas de vía pública temporais, segundo Acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o día 10 de febreiro de 2025, nos termos reflectidos no referido Acordo.

SEGUNDO.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente



aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

TERCEIRO.- Dar conta ao Concello de Cerdedo - Cotobade do contido íntegro deste Acordo.

CUARTO.- Facer público este Acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a delegación de competencias efectuada polo Concello de Cerdedo-Cotobade a favor da Deputación para desenvolver as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación da taxa pola entrada de vehículos con ou sen vao e reservas de vía pública temporais, asinada con data 24 de marzo de 2025 polo Tesoureiro e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular, seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a delegación de competencias do Concello de Cerdedo-Cotobade a favor da Deputación para desenvolver as facultades íntegras de xestión tributaria e recadación da taxa pola entrada de vehículos con ou sen vao e reservas de vía pública temporais, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG.

3. **Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento. (Exptes.- 2025024157).**



O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, asinada con data 14 de abril de 2025 polo Secretario da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, en sesión de data 4 de abril de 2025, acordou aprobar o expediente de modificación de crédito, Suplemento de crédito n.º 1/2025e Crédito extraordinario nº 1/2025, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2024 a vez que dar traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa aprobación e tramitación, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A devandita modificación afecta a:

*** Gastos correntes (Capítulo II):**

- *Aplicación 1360.22104, para adquisición de vestiario consistente en guantes e botas para o persoal operativo e roupa de parque para o persoal de novo ingreso.*
- *Aplicación 1360.22199, para adquisición de materiais funxibles precisos para as intervencións como espumóxeno, humectante, etc..*
- *Aplicación 1360.22706, para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción dos procedementos operativos, requiridos por inspección laboral e previstos no convenio colectivo.*

*** Transferencias correntes (Capítulo IV):**

- *Aplicación 1360.46702, cota Asociación de Consorcios e Servizos de Bombeiros de España, (CONBÉ)2025, acordada pola Asamblea Extraordinaria de data 17-01-2025 e que supón un incremento respecto da prevista inicialmente no Orzamento.*

***Gastos de investimento (Capítulo VI):** segundo se pon de manifesto pola Xerencia:

- *Aplicación 1360.62300, para atender a necesidades da adquisición de equipamento técnico e utillaxe*
- *Aplicación 1360.62400, para atender a necesidade da adquisición de un BUP para o parque de Bueu e un BUP para o parque de O Porriño.*
- *Aplicación 1360.62900, para atender a necesidade da adquisición de traxes de intervención, traxes de intervención químicos, botellas de aire.*



- Aplicación 1360.63400, para mellora de dotacións en vehículos de intervención.

Ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda; propónse ao Pleno da Deputación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de crédito, Suplemento de crédito n.º 1/2025 e Crédito extraordinario n.º 1/2025, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2024, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 2010, nos seguintes termos:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2025

- CAPITULO II

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.22104	105.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	VESTIARIO PARQUES
1360.22199	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	MATERIAL FUNXIBLE DE INTERVENCIÓNS
1360.22706	215.000,00 €		ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS
TOTAL	350.000,00 €		

- CAPITULO IV

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.476.02	1.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	COTA ANUAL CONBE
TOTAL	1.000,00 €		

CAPÍTULO VI

Aplicación	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
-------------------	----------------	---------------------------------	-------------



Presupostaria			
1360.623.01	96.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO NOVO EN MAQUINARIA, INSTALACIONES TÉCNICAS E UTILLAXE
1360.63400	10.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE VEHÍCULOS
TOTAL	106.000,00 €		

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2025

CAPITULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/Aplicación	Fins
1360.624.00	950.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENO NOVO EN VEHÍCULOS
1360.62900	350.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	OUTROS INVESTIMENTOS NOVOS ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS (TRAXES INTERVENCIÓN-BOTELLAS AIRE, CASCOS, MÁSCARAS)
TOTAL	1.300.000,00 €		

Quedando o resumo por capítulos do Orzamento como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	4.601.800,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.121.720,92	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.234.600,00
4	Transferencias correntes	6.000,00	4	Transferencias correntes	3.140.000,00
5	Fondo de continxencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	1.747.479,66	6	Alleamento de inversións reais	0,00



7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	7.000,00	8	Activos financeiros	2.112.300,58
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	7.487.000,58		TOTAL	7.487.000,58

2º.- En cumprimento do artigo 169 Real Decreto Lei, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expoñer o devandito expediente a información pública durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións a devandita modificación considerárase definitivamente aprobada.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, asinada con data 14 de abril de 2025 polo Secretario da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

- Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- Votos en contra: (0)**, ningún.
- Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.



4. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Goberno de España para a aprobación dun Real decreto que reactive as regras especiais da Lei 2/2012 para que as entidades locais poidan empregar o seu superávit en investimentos, servizos e gasto corrente. (Expte.- 2025024189).

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 14 de abril de 2025 co número de rexistro WEB 2025028026 unha moción de solicitude ao Goberno de España para a aprobación dun Real decreto que reactive as regras especiais da Lei 2/2012 para que as entidades locais poidan empregar o seu superávit en investimentos, servizos e gasto corrente, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DE SOLICITUDE AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA A APROBACIÓN DUN REAL DECRETO QUE REACTIVE AS REGLAS ESPECIAIS DA LEI 2/2012 PARA QUE AS ENTIDADES LOCAIS POIDAN EMPREGAR O SEU SUPERÁVIT EN INVESTIMENTOS, SERVICIOS E GASTO CORRENTE QUE PRESENTA O GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a seguinte proposta que trae a súa causa na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos do ano 2012 España padecía unha forte crise económica e financeira derivada do contexto internacional e agravada polas erráticas e erradas medidas adoptadas para tentar poñerlle freo polo entón presidente saínte do Goberno, José Luis Rodríguez Zapatero.

Como consecuencia delo e da grave situación das arcas públicas de todas as administracións, o novo executivo presidido por Mariano Rajoy aprobou a Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira que estaba orientada, entre moitas outras cuestións, a tratar de poñerlle couto aos problemas económicos das entidades públicas.

Nesta normativa, o artigo 32 contemplaba que o superávit acadado polos concellos debía destinarse exclusivamente á amortización e pago do endebedamento municipal co obxectivo de evitar que a situación das arcas locais empeorase aínda máis nun contexto tremendamente difícil.

Sen embargo, e dado que a situación económica de cada concello era moi diferente, ao ano seguinte aprobouse unha nova lei orgánica que recollía unha disposición adicional, a sexta, na que se establecían regras especiais para que determinados



concellos puidesen empregar o seu superávit para investimentos financeiramente sostíbles, servizos públicos, pago a provedores e incluso gasto corrente.

En concreto, podían dispoñer desta liberdade de elección de destino destes fondos aqueles concellos que contasen con superávit e remanente de tesourería, que tivesen un nivel de débeda inferior ao límite de prohibición para recurrir a máis pasivo e os que rexistrasen un Pago Medio a Provedores (PMP) que non superase o prazo máximo recollido na normativa de loita contra a morosidade.

Deste xeito, ditas regras que permitían ás entidades locais cunha boa situación económica empregar o superávit máis alá da amortización de endebedamento comezaron a aplicarse no ano 2014, cando xa se comezaba a atisbar a saída da crise económica froito das medidas aplicadas polo Ejecutivo de Mariano Rajoy, e prolongáronse consecutivamente ata o ano 2019, sendo empregadas cada ano por máis concellos, posto que moitos deles foron saneando a súa situación e superando a antedita crise.

Estas regras especiais foron suspendidas entre os anos 2020 e 2023 froito da situación de incerteza xerada pola pandemia da covid-19, pero reactiváronse no ano 2024, que é exactamente o que reclaman agora os concellos nestes mesmos termos, previa aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado no exercicio precedente.

Sen embargo, neste 2025 o Goberno de España segue demostrando a súa absoluta incapacidade, por segundo ano consecutivo, para aprobar as contas estatais e séguese manexando cos orzamentos prorrogados do ano 2023, polo que, polo momento, non se artellou ningunha vía para que os concellos con superávit poidan empregalo en investimentos sostíbles, servizos públicos, pagos a provedores e gasto corrente e vense obrigados a destinar estes cartos ao pago de débeda malia que a mesma sexa asumible, estea controlada e cúmprase folgadoamente co abono da mesma, o que cercena as posibilidades dunha mellor atención aos veciños.

Ademais da falla de orzamentos estatis e destas outras medidas, cómpre destacar que o sistema de financiamento dos concellos tamén se está a ver afectado, o cal fai máis necesaria aínda a liberalización dos superávits, polo retraso do Goberno de España para chegar a un acordo sobre o novo sistema de financiamento autonómico que permita pactar posteriormente o referido ás entidades locais.

Ante esta situación, desde o Partido Popular de Galicia lévase pedindo desde o pasado mes de xaneiro, no seo da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), que o Goberno de España aprobe un Real Decreto Lei ou busque algunha saída legal ou administrativa para que se reactiven de novo as citadas regras especiais da disposición adicional sexta para permitir aos concellos en boa situación económica, que son practicamente todos os da provincia de Pontevedra, adoptar decisións libres e acaídas ao interese xeral dos seus veciños sobre o destino dos citados superávits do ano 2024 no presente exercicio.

Desde o PP Provincial entendemos que a Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira estivo moi ben deseñada, especialmente no contexto de forte crise no que foi aprobada e tamén para que o Goberno de España dispoña de medidas de contención en circunstancias especiais, como foi o caso da



pandemia, e tamén concordamos que o propio Ejecutivo de Mariano Rajoy contemplou alternativas de gasto, a través das citadas regras especiais, para darlle liberdade financeira aos concellos.

Sen embargo, o actual Goberno de Pedro Sánchez segue obstaculizando o emprego dos superávits e remanentes no sentido máis amplo por parte dos municipios para o presente exercicio, limitándoos a cumprir co pasivo e a reducir o endebedamento neto, cando xa estamos no cuarto mes do ano e malia a insistencia do Partido Popular de Galicia e o respaldo da práctica totalidade dos concellos galegos.

Deste xeito, desde o PP Provincial consideramos que o Executivo central está a implementar unha excesiva tutela sobre as entidades locais e está a subordinar e menoscabar a súa autonomía financeira e económica malia ser administracións responsables e eficaces. Cremos completamente na súa maioría de idade e na solvencia demostrada polos alcaldes e alcaldesas e polos respectivos gobernos locais, que son os mellores coñecedores das necesidades dos seus veciños e tamén os máis preparados para manexar a situación das súas respectivas tesourerías e dos seus fondos.

Ademais, esta pechazón á hora de reactivar as regras especiais para o libre destino dos superávits está a prexudicar gravemente ao funcionamento dos concellos da provincia de Pontevedra, que teñen que facer fronte á suba de prezos dos gastos correntes froito da inflación dos últimos anos, que teñen que asumir as novas alzas nos gastos de persoal e que non poden implementar investimentos e servizos cada vez máis necesarios e demandados polos cidadáns malia dispoñer dos fondos necesarios como consecuencia da súa boa xestión e da obtención de superávits.

Cómpre sinalar que, a práctica totalidade dos concellos da provincia gozan dunha boa saúde económica, agás algúns casos puntuais como Agolada, Catoira, Cuntis, Cambados, Redondela ou Salceda de Caselas, e teñen uns niveis de endebedamento moi asumibles, con cuxas obrigas cumpren puntualmente, e dispoñen de cantidades millonarias en superávits e remanentes que poderían destinar, se o Goberno de España ten a ben atender esta petición, a necesidades máis urxentes e importantes neste momento que seguir rebaixando o seu pasivo.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Instar ao Goberno de España a que aprobe a normativa correspondente para que as entidades locais poidan destinar os seus superávits do ano 2024 ao longo do presente ano nos termos dispostos polas regras especiais da Lei 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, permitindo a execución de investimentos financeiramente sostibles e o pago de gasto corrente e evitando a limitación de destino destes fondos exclusivamente á redución dos seus niveis de débeda.”



Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude ao Goberno de España para a aprobación dun Real decreto que reactive as regras especiais da Lei 2/2012 para que as entidades locais poidan empregar o seu superávit en investimentos, servizos e gasto corrente, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dúas (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude ao Goberno de España para a aprobación dun Real decreto que reactive as regras especiais da Lei 2/2012 para que as entidades locais poidan empregar o seu superávit en investimentos, servizos e gasto corrente, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coa abstención das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG

5. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir á Xunta de Galicia que desista do proxecto de Altrí e poña en marcha políticas industriais propias do século XXI e solicitar ao Goberno de España que non conceda ningunha subvención á macrocelulosa. (Expte.- 2025024205).

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 14 de abril de 2025 co número de rexistro WEB2025028031 unha moción para esixir á Xunta de Galicia que desista do proxecto de ALTRI e poña en marcha políticas industriais propias do século XXI e solicitar ao Goberno de España que non conceda ningunha subvención á macrocelulosa, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA QUE DESISTA DO PROXECTO DE ALTRI E POÑA EN MARCHA POLÍTICAS INDUSTRIAIS PROPIAS DO SÉCULO XXI E SOLICITAR AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE NON CONCEDA NINGUNHA SUBVENCIÓN Á MACROCELULOSA



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Altri é, ante todo, un proxecto político. Un proxecto apadriñado pola Xunta de Galicia dende o primeiro momento, como no seu día a Xunta apadriñou o fracasado proxecto de PEMEX. Unha evidencia máis da lamentable carencia de políticas industriais estratéxicas por parte do Goberno galego para transformar a nosa economía en sintonía coas directrices que está a sinalar con claridade a Unión Europea e que recolle o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) do Goberno de España.

A estas alturas Altri xa ten moi pouco que ver con aquel primeiro proxecto, que o Consello da Xunta declarou estratéxico o 29 de decembro de 2022 na que se nos presentaba unha moderna fábrica de fibras téxtiles ecolóxicas e que ía xerar nada menos que 2.500 postos de traballo. O que acabou expoñéndose ao público, en febreiro de 2024, é un “proxecto bis” que consiste nunha macrocelulosa cunha pequena liña de fibras téxtiles e na que a xeración de postos de traballo foi recortada a 500. Sen embargo, voces autorizadas falan de só uns 250 postos de traballo directos, en liña cos existentes na pasteira de ENCE en Pontevedra.

Diante da forte contestación social, a Xunta trabúcase e a conselleira de Medio Ambiente acaba admitindo que estamos diante dunha macrocelulosa e mesmo se atreve a dicir que ninguén bebe auga dos ríos. E pásase por alto o evidente impacto que se vai producir non só ao río Ulla, senón a todo o sector pesqueiro e marisqueiro na ría da Arousa. A Xunta mesmo obvia o evidente impacto que a macrocelulosa vai ter no Camiño de Santiago.

A Declaración de Impacto Ambiental publicada o pasado 14 de marzo era unha crónica dunha falcatuada administrativa anunciada. Os medios de comunicación nos revelaron xusto despois que un dos asinantes da DIA, que estaba no seu posto en comisión de servizo, pasará a consolidar a praza como premio. E agora a mesma conselleira xa nos advirte que a Declaración Ambiental Integrada chegará antes do verán.

As mentiras son protagonistas en todo este proceso. Segue sen explicarse por que unha macrocelulosa portuguesa, provinte dun país no que o solo industrial e a man de obra son moito máis baratos, opta por instalarse en Galicia. Segue sen explicarse por que o que era unha revolucionaria factoría de economía circular para o sector téxtil se transforma subitamente en macrocelulosa. Segue sen explicarse como a Xunta, que leva 15 anos afirmando que ENCE non podía trasladarse da ría de Pontevedra porque non había ningunha localización alternativa medioambientalmente viable en toda Galicia nos admita agora, a través da DIA de Altri, que se valoraron ata seis posibles situacións ata elixir Palas de Rei.

A ousadía da Xunta pasa tamén por dirixirse de malos modos ao Goberno de España para “esixir” que aprobe unha subvención de 250 millóns de euros parcialmente a cargo do PERTE de Descarbonización, cando resulta certamente dubidoso que unha fábrica



de celulosa poida cumprir cos requisitos ambientais para acceder aos fondos Next Generation da Unión

Europea. A este respecto, cómpre lembrar que o secretario xeral do PSdeG-PSOE, David Regades, suxeríulle publicamente á Xunta en marzo de 2021 que valorase a oportunidade dos Next Gen para estudar o traslado de ENCE e o peche do ciclo do papel en Galicia. Sen resposta.

Chama a atención que a Xunta non poña nin un euro de fondos propios para unha industria que pretende captar nada menos que o 25% do investimento necesario das axudas públicas. Ao igual que chama poderosamente a atención que un proxecto industrial que, ao sumo, xerará 250 postos de traballo pretenda recibir 250 millóns de euros, ou sexa, un millón de euros por posto de traballo.

Con todo, o máis lamentable é o modelo (ou mellor dito a falta de modelo) que evidencia a Xunta de Galicia traendo da man a unha empresa portuguesa do sector da celulosa e presentándoa como o proxecto estrela para Galicia, mentres a Zona Franca e o Goberno de España, por citar só un exemplo, están a impulsar unha fábrica de microchips fotónicos en Vigo para reducir a dependencia da economía europea dos mercados tecnolóxicos chineses.

Pero se ampliamos o foco observamos con perplexidade que mentres a Xunta pretende que o Goberno de España financie con 250 millóns de euros públicos a unha macrocelulosa, o Goberno de España xa está a financiar ás empresas da provincia de Pontevedra con máis de 600 millóns de euros para situalas nos retos do século XXI e avanzar cara a unha economía máis sostible, competitiva, dixitalizada e transformadora en liña cos obxectivos do PRTR.

Ademais de proxectos transversais tan transformadores como o Kit Dixital ou as axudas aos sectores produtivos da provincia cómpre sinalar especialmente as achegas a través das sucesivas convocatorias dos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación de España (PERTE) como os 75 millóns de euros co PERTE do Vehículo Eléctrico e Conectado; 4,2 millóns de euros no PERTE do Naval; 4,7 millóns de euros no PERTE Chip; 3,7 millóns de euros no PERTE Agroalimentario; 6,9 millóns de euros no PERTE da Economía Circular; 4,4 millóns de euros no PERTE de Descarbonización; 9,5 millóns de euros no PERTE do Ciclo da Auga e 40 millóns de euros no PERTE Mar-Industria, no que, por certo, logrouse introducir á industria conserveira galega.

Finalmente, Altri é un proceso profundamente opaco, pois a Xunta agocha o memorando de entendemento que asinou a finais de 2021, como se lle dera vergoña facelo público. Escúdase en que está amparado pola sociedade Impulsa e que a Xunta non ten maioría no seu accionariado, elevando así a categoría de “chiringuito administrativo” a un novo nivel.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes



ACORDOS:

1. *Dirixirse á Presidencia da Xunta de Galicia, á Conselleríade Economía e Industria e á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para que renuncien ao descarado apoio político ao proxecto de Altri e instalas a que poñan en marcha proxectos industriais do século XXI e, por tanto, transformadores para a economía galega, en liña coas directrices que marca a Unión Europea e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.*
2. *Dirixirse á Presidencia do Goberno de España, ao Ministerio de Industria e Turismo e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para expresar a nosa oposición á concesión de ningunha subvención pública estatal ou de fondos europeos a Altri para a construción da pretendida macrocelulosa en Palas de Rei.*
3. *Dirixirse ás presidencias das catro deputacións galegas para expresar a nosa oposición ao proxecto de Altri.*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, para esixir á Xunta de Galicia que desista do proxecto de ALTRI e poña en marcha políticas industriais propias do século XXI e solicitar ao Goberno de España que non conceda ningunha subvención á macrocelulosa, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (8)**, sendo (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego
2. **Votos en contra: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
3. **Abstencións: (0)**: Ningunha.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, para esixir á Xunta de Galicia que desista do proxecto de ALTRI e poña en marcha políticas industriais propias do século XXI e solicitar ao Goberno de España que non conceda ningunha subvención á macrocelulosa, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE de do BNG e cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.



6. *Dar conta do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2025. (Exptes.- 2025024171- 2025023724).*

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de marzo de 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con datas 11 e 14 de abril de 2025, respectivamente, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de marzo de 2025 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MARZO 2025



Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Marzo	14,5600000000	5.460.034,00	25,4800000000	4.088.866,52	19,2359752398
Escola de Enfermería	Marzo	4,0000000000	2.077,98	0,0000000000	0,00	4,0000000000
Consortio de Incendios e Salvamento	Marzo	18,7400000000	55.402,64	0,0000000000	0,00	18,7400000000
Consortio Deza Tabeiros	Marzo	5,7180178800	29.056,70	13,0805010000	1.466,69	6,0717951101
TOTAL			5.546.571,32		4.090.333,21	19,1881430970

*En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.*

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

- 7. Dar conta do informe da Intervención sobre o cumprimento durante o 1º trimestre de 2025 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. (Exptes.- 2025024172 – 2025024112).**

A Intervención elaborou un informe sobre o cumprimento durante o 1º trimestre de 2025 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a



morosidade nas operacións comerciais, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 14 de abril de 2025, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 1º trimestre de 2025, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2025

1. Con referencia á data de conformidade da factura;

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fora Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	16	1.656	5.476.495,05 €	48	526.151,02 €
Escola de Enfermería	6	8	7.184,98 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	16	120	65.458,51 €	14	10.140,84 €



Consorcio Deza e Tabeirós	6	78	48.935,22 €	0	0,00 €
----------------------------------	----------	-----------	--------------------	----------	---------------

➤ **Facturas pendientes de pago:**

Facturas pendientes de pago	Período Medio pendiente pago (PMPP) (días)	Pendientes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fora Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	21	335	3.175.025,75 €	57	913.840,77 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	14	51	26.243,40 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base os cálculos detallados neste informe podemos concluir que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”



A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza Tabeirós, durante o primeiro trimestre de 2025, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

8. *Dar conta do informe da Intervención sobre o resumo dos resultados do control interno do exercicio 2024. (Exptes.- 2025024174 – 2025006258).*

A Intervención elaborou un informe relativo ao resumo do control interno correspondente ao exercicio 2024, asinado pola Viceinterventora e polo Interventor, con data 27 de marzo de 2025, onde se deixa constancia do seguinte:

"ASUNTO: INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO 2024 (ARTIGO 37 RD 424/2017). DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

I. INTRODUCCIÓN

I.1. Normativa aplicable

- *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*
- *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos.*
- *Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.*
- *Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.*
- *Resolución de 2 de abril de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as Instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura, e formato do informe resumo, así como a solicitude de informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de informes contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.*



- *Bases de Execución do Orzamento Provincial – exercicio 2024.*

I.2. Consideracións xerais.

Segundo o disposto no artigo 213 parágrafo terceiro do Real Decreto Legislativo 2/2004, os órganos interventores das Entidades Locais remitirán con carácter anual á Intervención Xeral do Estado un informe resumo dos resultados do exercicio das funcións de control interno, nas modalidades de función interventora, función de control financeiro, incluída a auditoría de contas das entidades que se determinen regulamentariamente, e función de control de eficacia. Dita remisión efectuarase no prazo e co contido que regule nas normas aprobadas polo goberno estatal.

De conformidade co disposto no artigo 37 do RD 424/2017, o informe resumo dos resultados de control interno elaborase con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, con dación de conta ao Pleno e remisión á IGAE no primeiro cuadrimestre do ano.

No apartado terceiro, o referido precepto sinala que a Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumo e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das entidades locais.

No BOE nº 96, de data 6/04/2020, publícase a Resolución de 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as Instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura, e formato do informe resumo, así como a solicitude de informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de informes contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

II. ALCANCE DO INFORME RESUMO

II.1. Función interventora.

II.1.1. Función interventora na modalidade de fiscalización e intervención previa.

No que atinxe á función interventora, o Informe da Intervención esixido polo artigo 210.3 do TRLRFL sinala que, durante o exercicio 2024, ditouse unha resolución contraria ao reparo da Intervención respecto dun expediente de concesión de axuda sanitaria (de tramitación individualizada por xubilación) no que a Intervención se veu restrinxida, de acordo coas limitacións impostas por Resolución presidencial, no acceso á totalidade de documentación obrante no expediente, particularmente ao informe facultativo regulado como requisito necesario para a obtención da axuda. O reparo de data 11/09/2024 foi resolto pola Presidencia por RP nº 2024009129 de data 28/11/2024 en sentido contrario ao informe da Intervención provincial (expediente CIVIDAS nº 2024053051).

Así mesmo, no ano 2024, e segundo sinala o informe da Intervención de dación de contas dos acordos contrarios a reparos e das anomalías en materia de ingresos, aprobáronse expedientes de gasto con deficiencias procedimentais reflectidas nos correspondentes informes da Intervención.

- 3. El control financiero se realizará por procedimientos de auditoría de acuerdo con las normas de auditoría del sector público.*
- 4. Como resultado del control efectuado habrá de emitirse informe escrito en el que se haga constar cuantas observaciones y conclusiones se deduzcan del examen practicado. Los informes, conjuntamente con las alegaciones efectuadas por el órgano auditado, serán enviados al Pleno para su examen."*

O RD 424/2017 regula con maior grao de detalle o exercicio deste control financeiro, nas súas modalidades de control financeiro permanente e auditoría, con esixencia de aprobación dun plan anual de control financeiro, actuacións de seguimento e corrección (plan de acción).

O Plan anual de control financeiro e auditoría da Deputación Provincial de Pontevedra correspondente ao ano 2024 foi elaborado pola Intervención con data 12 de abril de 2024, e dación de conta ao Pleno no mes de abril.

- *Control financeiro subvencións concedidas.*

O control financeiro de subvencións realizado ao abeiro do Plan anual de control financeiro 2024 abrangueu un total de 35 expedientes na modalidade de control financeiro pleno, e 15 de comprobación de investimentos subvencionados pola Deputación, durante o período de adscrición.

Dos 35 expedientes obxecto de control financeiro pleno rematáronse á data de emisión deste informe 21 expedientes, estando os 14 restantes en tramitación. Os traballos de control de investimentos subvencionados foron completados no exercicio

- *Control financeiro ingresos.*

No que atinxe ao control financeiro dos ingresos xestionados polo ORAL, con data 4/11/2022 elaborouse por esta Intervención o documento de planificación do primeiro expediente de control financeiro (posterior) de ingresos do ORAL. O control financeiro limitouse aos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, e referidos á figura impositiva local de maior transcendencia desde un punto de vista cuantitativo e cualitativo, que é o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana, cunha selección de 344 expedientes correspondentes con 11 motivos de baixa. En data 16/04/2024 incorporouse ao expediente o informe provisional de resultados e conclusións deste control. O 4/09/2024 incorporouse ao expediente o documento de alegacións da Tesouraría ao informe provisional. Resta a incorporación do informe definitivo da Intervención, logo do análise e valoración das alegacións achegadas, con previsión de finalización destes traballos no primeiro cuadrimestre do ano 2025.



O Plan anual de control financeiro 2024 incluíu a realización dun novo control en materia de ingresos xestionados polo ORAL, pendente de execución.

O atraso na execución destes controis obedece á coincidencia temporal co proceso de implantación do novo sistema de xestión económico e patrimonial, actuación prioritaria e crave, incluída nos Plans de acción provincial dos últimos anos, especialmente complexa pola antigüidade do programa contable anterior, desenvolvementos específicos desta entidade, inxente volume de operacións a migrar e á necesidade de acadar un elevado grado de integración co xestor de expedientes e outros aplicativos.

II.3. Auditoría

O Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría correspondente ao exercicio 2024 incluíu a auditoría das contas 2024 das entidades adscritas e dependentes² (Consortio Provincial Contra Incendios e Escola de Enfermería). Así mesmo, incluíuse a auditoría do rexistro de facturas 2023.

- **Auditoría de contas**

Para a realización das auditorías de contas do Consortio e da Escola contouse coa colaboración dunha firma privada de auditoría (BM AUDITORES).

Os informes e memorandos definitivos das contas anuais 2023 do Consortio Provincial e da Escola de Enfermería (expedientes nº 2024041826 e 2024041827, respectivamente) foron asinados en data 18/09/2024.

Nos dous supostos os informes de auditoría conteñen unha opinión denegada. Esta opinión denegada por limitacións ao alcance, fundaméntase na falta de levanza dunha xestión patrimonial, non constando, en moitos dos casos, a documentación correspondente á adquisición, cesión ou adscrición dos bens, sen que exista un inventario físico e contable, polo que non resulta posible a súa verificación.

- **Auditoría do rexistro de facturas**

Ao tratarse dun control legal obrigatorio, o Plan de control financeiro 2024 incluíu a auditoría do rexistro de facturas 2023 con previsión de execución desta actuación no segundo semestre do ano.

Para a execución deste control precisase contar coa colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías. O ano 2024 e, concretamente o segundo semestre de dita anualidade, coincidiu cun período de especial intensidade de traballo a efectos de estudo e programación das tarefas de integración dos novos sistemas de xestión económico e patrimonial, polo que non resultou posible a execución deste control no prazo previsto, propoñéndose a inclusión desta actuación no Plan de control 2025 xunto coa auditoría do rexistro de facturas do 2024.

En todo caso, subsiste a principal discrepancia posta de manifesto na auditoría do rexistro de facturas dos anos anteriores referida á falta de implementación dun rexistro integrado ou interrelacionado coa contabilidade, que solvéntase coa implantación do novo sistema de xestión económico-patrimonial.

² No que respecta á auditoría de contas das entidades adscritas (consorcios), cómpre sinalar a modificación do apartado terceiro do artigo 122 da Lei 40/2015, pola Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2022, que limita a obrigabilidade de realización da auditoría de contas dos consorcios a aqueles supostos nos que se superen determinados importes referidos ás partidas de activo, ingresos de xestión ordinaria ou número medio de traballadores. Esta modificación supón a exclusión da obrigabilidade de auditar as contas do Consortio contra Incendios Deza Tabeirós, de xeito que, aínda que a inclusión no Plan anual de control é potestativa para esta Intervención, considerando a falta de acontecementos ou cambios relevantes na estrutura organizativa ou de xestión deste consorcio, optouse por non incluírse no plan deste exercicio.



III. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

En liñas xerais as conclusións e recomendacións coinciden coas referidas nos informes – resumo dos anos anteriores, sen prexuízo de destacar certos avances e a posta e marcha de medidas de mellora.

- **Contratación**

Con carácter xeral os recoñecementos extraxudiciais se corresponden coa fase de recoñecemento das obrigas de gasto, pola existencia de defectos procedimentais e atrasos na execución (vicios) ou gastos de carácter menor cuxa factura se achega no exercicio seguinte (recoñecemento pechados).

A redución de reparos e/ou tramitación de expedientes de recoñecemento extraxudicial esixen un esforzo conxunto de toda a organización en materia de planificación e programación da contratación. Debe prestarse especial atención ao obxectivo de redución da contratación menor, reservada legalmente para necesidades puntuais e, en ningún caso, para servizos e prestacións que, aínda que poidan ter unha contía reducida, teñen un carácter reiterado ou recorrente.

Neste sentido se debe potenciar un control global con implicación dos centros xestores no que atinxe a unha maior racionalización da contratación (potenciación dos acordos marco e sistemas dinámico) con un uso adecuado do contrato menor, evitando os fraccionamentos e contratacións recorrentes.

- **Subvencións**

No ámbito das subvencións advírtese da necesidade dun esforzo conxunto para mellorar a tramitación, simplificar e homoxeneizar procedementos e completar o procedemento electrónico destes expedientes.

Xunto coa necesidade de dar cumprimento á obriga legal de aprobación dun Plan Estratéxico de Subvencións, reiteramos algunhas medidas propostas nos informes resumo dos anos anteriores, referidas á conveniencia da revisión de liñas de subvencións con múltiples beneficiarios e contías moi reducidas, das que recoméndase valorar o mantemento en base a criterios de eficiencia (excesivo custe de tramitación).

Tamén recordamos a conveniencia de revisar a Ordenanza, modelos de bases en réxime de concorrência, así como o contido dos Convenios correspondentes a subvencións nominativas e directas e incorporar unha regulación detallada de acordo coas recomendacións formuladas en materia de control financeiro de subvencións.

- **Administración electrónica.**

A transformación dixital das Administracións Públicas esixe un traballo continuo que permita acadar os obxectivos de mellora da eficiencia administrativa, incremento da transparencia e participación, garantía de servizos dixitais facilmente utilizables e mellora da seguridade xurídica.

A consecución dunha Administración totalmente electrónica e interconectada, esixe seguir avanzando, a efectos de garantir que a totalidade dos procedementos administrativos se tramiten electronicamente e que a cidadanía poida relacionarse por estes medios, tanto nos supostos obrigados pola normativa, como naqueles nos que así o decida voluntariamente. O proceso de dixitalización debe tratar de acadar unha simplificación da tramitación administrativa, un mellor cumprimento das esixencias legais e mecanismos de control así como unha maior facilidade de uso e satisfacción por parte da cidadanía.

No que atinxe á tramitación procedimental, para acadar unha redución efectiva dos tempos de tramitación estímase necesaria a implantación global dunha tramitación integramente electrónica. A definición e



categorización dos tipos de expedientes e subexpedientes, configuración e/ou revisión de circuitos de tramitación automatizados e sinatura electrónica en todos os trámites, permitirían reducir notablemente os tempo de tramitación favorecendo un maior grao de cumprimento.

Recoméndase abordar nos vindeiros exercicios unha revisión dos circuitos e procedementos de tres áreas claves e transversais: contratación, subvencións e procedementos de persoal.

Respecto dos dous primeiros, resulta necesario o deseño de expedientes e circuitos intelixentes que permitan o aproveitamento e control de datos a partir da definición duns datos básicos exportables ás diferentes fases de tramitación, total integración do expediente, e utilización de ferramentas de intelixencia artificial. Respectos aos procedementos en materia de persoal, recoméndase a revisión e adquisición de novo software e a integración cos sistemas de nóminas, control horario, axudas, dietas e locomocións, entre outros.

Con carácter específico e no que atinxe a procedementos xestionados pola Intervención ou Tesorería recoméndase a revisión de procedementos específicos como anticipos de caixa fixa, xestión de ingresos e Boletín.

- **Contabilidade**

No informe resumo anual 2020 destacou a insuficiencia do programa contable para desenvolvemento adecuado da xestión económico – financeira e patrimonial desta entidade, recomendando o inicio das actuacións correspondentes para poder levar a cabo a actualización deste sistema.

Esta actuación, programada en varias fases, foi incluída nos sucesivos plans de acción, informándose do seu cumprimento no primeiro trimestre de 2025.

Non en tanto, resulta necesario seguir avanzando na resolución de problemas de parametrización e integración, así como na revisión da contabilidade patrimonial e conciliación co inventario, como obxectivos prioritarios.

- **Xestión patrimonial**

A adquisición dun novo sistema informático de tratamento e xestión do patrimonio provincial abordouse de xeito conxunto coa adquisición do programa contable.

A consecución dun adecuado sistema de xestión patrimonial esixe unha correcta parametrización do programa adaptada aos manuais de xestión patrimonial (así como a adaptación destes a novo sistema), e dotación dos medios persoais necesarios para garantir un adecuado funcionamento, propoñéndose un sistema de funcionamento descentralizado nas altas (salvo para operacións singulares ou de maior complexidade), con supervisión pola área de Patrimonio. Así mesmo, resulta necesario establecer unha vinculación contable de xeito que non se poda avanzar na fase de recoñecemento da obriga e/ou pago, sen previo enlace coa ficha patrimonial correspondente. Nunha última fase debe abordarse a revisión do Inventario (depuración dos datos anteriores) e conciliación coa contabilidade económico-patrimonial.

- **Rexistro de facturas**

Respecto ao rexistro de facturas debe procederse á revisión e mellora de configuración e funcionamento. A regulación legal esixe acadar unha integración ou interrelación do rexistro co programa contable. A consecución deste obxectivo esixe a disposición dun programa contable actualizado que permita integrar o rexistro na contabilidade así como a obtención dos datos referentes á morosidade, PMP e información económica - orzamentaria de remisión periódica, directamente da contabilidade.



Actualmente, desde o mes de febreiro de 2025 dispoñemos dun rexistro de facturas integrado no sistema contable, o que nos permite dar por cumprido este obxectivo, sen prexuízo da necesidade de efectuar un seguimento e revisión a efectos de detecta e corrixir posibles problemas de integración ou funcionamento.

- **Ciberseguridade**

A auditoría en materia de ciberseguridade realizada polo Consello de Contas puxo de manifesto incumprimentos nesta materia que cómpre abordar a efectos de garantir o cumprimento da normativa e a seguridade dos sistemas. O grao de desenvolvemento da administración electrónica, o número de sistemas e aplicacións implicados, así como o volume de xestións, pagos e ingresos xestionados electronicamente aconsellan priorizar as actuacións nesta materia.

- **Fiscalización e control financeiro**

A efectos dunha mellora no desenvolvemento das tarefas de fiscalización e control financeiro, destacamos as seguintes propostas de actuación:

- Ampliación do ámbito material do control financeiro ata poder abarcar a totalidade de supostos de control financeiro posterior obrigatorio e a inclusión de áreas de risco.
- Estudo e revisión do modelo de fiscalización previa con valoración da implantación dunha fiscalización previa limitada e control financeiro posterior en determinadas áreas.
- Revisión dos procedementos e modelos de tramitación dos expedientes con vicios ou defectos procedimentais.

O cambio esixe unha maior dotación de medios, estudo e revisión do modelo de control, e un adecuado deseño e integración na tramitación electrónica. Na implantación deberase reforzar especialmente (frecuencia temporal e número de expedientes) o control financeiro posterior das áreas de maior risco ou complexidade, mellorar a dixitalización de formularios e procedementos, así como no tratamento dos datos, a efectos de incrementar a celeridade, economía procedimental e seguridade nos traballos de control.

- **Entidades dependentes**

Respecto da auditoría de contas de entidades dependentes, a opinión denegada nos informes de auditoría, obedece principalmente á falta dunha xestión patrimonial tanto a nivel de inventario ou patrimonial como contable.

O proxecto de modernización da xestión económico – patrimonial en tramitación inclúe as entidades adscritas ou dependentes. Paralelamente e con carácter prioritario, estas entidades deben realizar unha actualización do inventario e regularizar, no seu caso, as cesións e/ou adscricións correspondentes.

No que atinxe á Escola de Enfermería recoméndase, ademais, un impulso decidido no proceso de transferencia á Universidade.

IV. MEDIDAS PROPOSTAS PARA INCLUIR NO PLAN DE ACCIÓN

Segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, corresponde á Presidenta da Deputación a formación dun Plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe resumo dos resultados do control interno, elaborado pola Intervención.

O plan de acción elaborárase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión deste informe resume ao Pleno e conterá as medidas de corrección a adoptar, os medios para consecución dos mesmos e os responsables de



implementalas, así como e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

Unha vez elaborado, o plan de acción será remitido ao órgano interventor, que valorará a súa adecuación para solventar as deficiencias sinaladas e, no seu caso, os resultados obtidos, e informará ao Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económico financeira.

Por RP de data 2021004270 do 19/07/2021 aprobouse o primeiro Plan de acción Provincial. Dito Plan e os sucesivos articuláronse en torno a un obxectivo prioritario que é a modernización dos sistemas de xestión económico – financeira e patrimonial da Deputación de Pontevedra, como peza clave para acadar da maneira máis eficiente e coas maiores garantías a implantación dunha administración electrónica avanzada e plenamente integrada.

O Plan articulou o procedemento en tres de fases, de estudo e deseño, implantación e posta en marcha. A complexidade do proceso motivou un retraso na implantación do programa, con arranque do novo sistema en febreiro de 2025. O proceso de migración resultou complicado e extenso o tempo, esixindo un esforzo considerable da Intervención e do Servizo de Novas Tecnoloxías, para poder completar o proceso e acadar a integración necesaria co xestor de xeito que se garanta a continuidade na xestión e tramitación de expedientes.

Na data actual pódese dar por cumprido o obxectivo da implantación do novo sistema nun nivel inicial, sen prexuízo da recomendación desta Intervención de seguir avanzando na integración, estandarización e programación de procedementos, automatización de operacións e simplificación da tramitación, de xeito que se acade unha modernización dos procesos que redunde nunha maior eficiencia desta Administración.

IV.1. Medidas propostas

As medidas propostas por esta Intervención se corresponden con actuacións referidas ou con incidencia no ámbito de xestión económico – orzamentario, control e contabilidade que competen a este órgano, sen prexuízo doutras actuacións que, no seu caso, en base as conclusión e recomendacións deste Informe, sexan acordadas polo órgano competente e incorporadas ao Plan de acción.

Así mesmo, as medidas propostas non esgotan a totalidade da actuacións que entendemos como necesarias, si ben responden a unha orde de prelación, en consideración á maior necesidade ou configuración como requisito previo para o avance e planteamento de novas medidas.

Considerando a actual carga de traballo desta Intervención así como do Servizo de Novas Tecnoloxías, cuxa colaboración e participación na execución das actuacións propostas resulta necesaria, sinalamos como obxectivos de execución prioritaria os referidos nos puntos 1, 2 e 5 deste apartado. As restantes propostas deben ser tidas en conta na programación plurianual a efectos de execución sucesiva, tan pronto como o avance no grao de execución das actuacións previstas para esta anualidade o permita.

1. Modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación.

Como referimos nos Informe anuais anteriores se trata dun obxectivo básico e prioritario en tanto peza clave para o avance en materia de tramitación electrónica e requisito necesario para a consecución doutros obxectivos. No primeiro trimestre do 2025 acadouse o cumprimento do obxectivo de implantación do novo



sistema de xestión económico-patrimonial, con arranque da nova contabilidade, de xeito que a liquidación do exercicio 2025 realízase no novo sistema, e do programa de xestión patrimonial. Así mesmo, implementouse o módulo de contabilidade analítica, aínda que nunha versión ou modelo de carácter básico.

No que atinxe as entidades dependentes, resta por asistir e finalizar o proceso no Consorcio do Deza, con previsión de execución e finalización dos traballos nos próximos meses.

Unha vez cumprido o obxectivo de implantación dos novos sistemas, cómpre seguir avanzando na integración entre os sistemas de xestión contable e patrimonial, así como na revisión de circuitos e tramitación integrada co xestor.

A mellora do modelo de contabilidade analítica é un obxectivo pendente, pero que considerando a limitación de medios, debería abordarse nunha fase posterior, unha vez avanzado na modernización da xestión e conciliación contable e patrimonial.

Actuacións propostas:

No que atinxe a xestión económico orzamentaria propónse avanzar na dixitalización e configuración de circuitos e procedementos de tramitación estandarizados e mellorados, incrementando así a eficiencia e modernizando procedementos.

Os avances na informática e ferramentas de intelixencia artificial marcan o camiño a seguir, destacando a importancia do tratamento dos datos, de xeito que permitan unha explotación sinxela, útil e eficiente dos mesmos. A aplicación destas ferramentas na Administración avanza máis lentamente, si ben resulta preciso non perder de vista o obxectivo e traballar nas fases previas de dixitalización, integración e automatización.

2. Regularización da xestión patrimonial.

No que respecta aos medios materiais, o proxecto de modernización do sistema de xestión económico – patrimonial, configúrase como o instrumento idóneo para unha levanza axeitada do inventario e consecución efectiva da coordinación contable e patrimonial, ao preverse o establecemento dunha vinculación da alta no inventario coa tramitación de todas as facturas/certificacións de investimentos.

Non en tanto, a aplicación non solventa outras cuestións como abordar a estrutura organizativa e o modelo centralizado/descentralizado de xestión coa dotación de medios necesaria e a revisión retroactiva do inventario así como a súa conciliación co patrimonio contabilizado ata a data.

Actuacións propostas

O seguinte obxectivo prioritario neste ámbito é o de acadar unha conciliación contable e patrimonial. Actualmente o patrimonio rexistrado na contabilidade difire substancialmente dos datos obrantes no Inventario.

A consecución deste obxecto esixe traballar en dúas liñas de accións:

- *Conciliación anual (exercicio 2025 e seguintes). Para acadar a conciliación anual das baixas, altas e modificacións con incidencia económico-patrimonial rexistradas contablemente e no inventario, resulta preciso dispoñer dun nexo de enlace na xestión de facturas e certificación co inventario. Considerando que a tramitación das facturas e certificacións se realiza a través do xestor (CIVIDAS) hai que desenvolver traballos de programación que permitan reproducir a "liña" contable da factura/certificación referida á "ficha de inventario" no xestor. En tanto non se habilite dita opción propónse a realización dunha conciliación "manual" coa periodicidade que se determine (mensual, bimensual ou trimestral).*



- *Conciliación dos datos históricos (referenciados a 31/12/2024). A execución destes traballos esixe unha revisión da contabilidade dos últimos anos (proposta dos dez últimos anos) e o seu contraste coa documentación incorporada ao inventario. A complexidade destes traballos aconsella dispoñer dunha asistencia técnica especializada que asesore e coordine a execución, baixo a dirección do servizo de Contratación (Patrimonio) e da Intervención.*

3. Revisión dos procedementos de xestión de ingresos e expedientes relacionados.

Recoméndase realizar unha revisión dos procedementos en materia de xestión de ingresos. A revisión debe ter por obxecto a mellora e simplificación dos procedementos, tramitación electrónica dos mesmos, cumprimento da legalidade, revisión do procedemento de control, e maior facilidade de uso e de pago pola cidadanía.

A revisión conleva necesariamente unha actividade de programación, polo que ao non contar a Intervención con persoal con coñecementos nesta materia, resulta indispensable á asistencia do servizo de Novas Tecnoloxías. A participación da Tesouraría sería importante, principalmente para definición e programación da tramitación recadatoria para ingresos propios (medios de pagamento, aprazamentos, fraccionamentos e executiva).

No que atinxe ao servizo de publicacións no Boletín, a revisión do procedemento de xestión e pago debe acompañarse dunha revisión organizativa con cambio de adscrición (actualmente adscrito a esta Intervención), en tanto que debe ser integrado no servizo que corresponda acorde coa súa natureza, sen prexuízo das tarefas que, en materia de xestión de ingresos do Boletín, continúen a ser xestionadas pola Intervención e/ou Tesouraría.

Actuacións propostas:

- *Deseño e implantación dun procedemento automatizado e de tramitación integramente electrónica en materia de xestión de anuncios no BOP.*
- *Cambio de adscrición do procedemento de xestión de anuncios no BOP.*
- *Revisión da regulación (ordenanza/acordo regulador) dos principais ingresos de carácter recorrente desta Deputación coa finalidade de mellora da regulación e simplificación e automatización dos procesos de xestión e pagamento.*
- *Deseño e revisión dos procedementos e circuitos xerais en materia de ingresos.*

4. Dixitalización do anexo de orzamentos dos proxectos de obra e certificacións

Desde hai un par de anos iniciouse un traballo conxunto da Intervención e do Servizo de Novas Tecnoloxías para o desenvolvemento dun módulo electrónico de certificacións. O módulo partiría do anexo de orzamentos do proxecto en formato electrónico, permitindo de xeito automático o cálculo de variacións, grao de execución, tramitación de modificacións, reducindo notablemente o risco de erro e simplificando as tarefas de xestión e control, das que se beneficiarían especialmente os centros xestores.

Actuacións propostas:

- *Deseño e implantación dun módulo electrónico de certificacións integrado co xestor de expedientes.*

5. Ciberseguridade

Aínda que se trata dunha cuestión que corresponde ao servizo de Novas Tecnoloxías, as implicacións globais desta materia, e as repercusión en materia económica que puidesen derivar, considérase unha cuestión clave e de atención prioritaria para esta Deputación. A actuación debe ser liderada polo Servizo de Novas



Tecnoloxías, sen prexuízo da colaboración doutros servizos e órganos, como a Intervención e Tesouraría, respecto daquelas cuestións que impliquen á xestión de pagos e ingresos.

Actuacións propostas:

- *Aprobación da Política de Seguridade da Información, e constitución do Comité de Seguridade da Información.*
- *Realización da auditoría interna previa á certificación no Esquema Nacional de Seguridade e auditorías externas en ciberseguridade dos diferentes activos informáticos cos que conta a Deputación de Pontevedra.*
- *Actividades de concienciación e formación.*
- *Deseño e planificación dun proxecto para cumprimento da normativa en materia de ciberseguridade, con especial referencia á prevención de ciberataques con impacto económico.*

6. Control financeiro posterior

A pesares da regulación legal respecto das obrigas en materia de control financeiro posterior e da clara vontade desta Intervención de incrementar o ámbito do control, a importante carga de traballo e a limitación de medios dificultan a ampliación.

O Plan anual 2022 incluíu por primeira vez actuacións de control financeiro posterior en materia de ingresos, en concreto no ámbito de recursos xestionados por delegación polo ORAL. Segundo detalla o documento de planificación as actuacións de control centráronse nos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, referidos á figura impositiva local de maior transcendencia desde un punto de vista cuantitativo e cualitativo, que é o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana. Por limitación de medios este control pospúxose ao plan do 2023.

A realización deste control non só permite dar cumprimento á obriga legal, senón que tamén posibilita unha revisión dos expedientes e formulación, no seu caso, de propostas de mellora na tramitación.

Na medida do posible recoméndase continuar coas actuacións de control financeiro dos ingresos xestionados polo ORAL.

Actuacións propostas:

- *Inclusión nos Plan anuais de control financeiro novas actuacións en materia de control financeiro posterior de ingresos xestionados polo ORAL.*

7. Subvencións.

En materia de subvencións destacamos as seguintes necesidades:

- *Elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións.*
- *Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións.*
- *Deseño dos modelos de convenios reguladores das subvencións directas e nominativas.*
- *Revisión dos expedientes electrónicos, formularios e circuitos de tramitación, con estandarización de procesos e formularios e configuración de circuitos e trámites automatizados, permitindo unha maior celeridade en materia de tramitación e control dos expedientes.*

8. Entidades adscritas ou dependentes.



A xustificación da denegación da opinión nas auditorías das contas das entidades adscritas e dependentes obedece a falta de implantación dunha xestión patrimonial e inexistencia dun inventario actualizado patrimonial e contable.

Os Plans de acción anteriores incluíron a estas entidades no ámbito subxectivo do proxecto de modernización do sistema de xestión económico financeiro e patrimonial, de xeito que a implantación dos novos sistemas permitirá a estas entidades dispoñer dunha ferramenta de xestión patrimonial plenamente integrada coa contabilidade a efectos da consecución do obxectivo dunha levanza axeitada do inventario e da contabilidade patrimonial. A implantación destes novos sistemas de xestión completárase no exercicio 2025.

Non en tanto, e en atención as deficiencias referidas na auditoría no que atinxe á falta de documentación, acordos de adscrición, cesión ou titularidade de certos bens, deberá levarase a cabo simultaneamente un proceso de revisión e actualización do Inventario con regularización da situación xurídica dos bens que corresponda.

Así mesmo, e considerando a competencia impropia que se vén exercendo respecto da Escola de Enfermería deberá iniciarse e/ou impulsarse o procedemento de transferencia da Escola.

Actuacións propostas

- *Deseño e execución da revisión e regularización do Inventario das entidades adscritas e dependentes.*
- *Inicio das actuacións para promover a transferencia da Escola de Enfermería.*

9. Outras consideracións.

As actuacións propostas non abranguen a totalidade das necesidades, por imposibilidade de atención cos medios dispoñibles e a conveniencia de concentrar os esforzos en actuacións de carácter prioritario no medio prazo, sendo conscientes da imposibilidade de execución de todas elas nun exercicio, sen prexuízo da conveniencia de consideralas nunha planificación a medio prazo.

Así mesmo, existen actuacións que exceden do ámbito desta Intervención, cuxo deseño e planificación compete a outros servizos. Así, por exemplo, a revisión da tramitación electrónica dos expedientes co obxecto de definir circuitos e operacións automatizadas en todas as áreas de xestión, recomendándose empezar pola revisión dos expedientes de contratación, incluíndo todas as fases, isto é preparación e adxudicación así como execución (garantía, recepción, liquidación,...) e os expedientes de subvencións, así como a revisión dos sistemas de xestión dos recursos humanos, de xeito que, ben con aplicativos dispoñibles no mercado ou de desenvolvemento propio, se desenvolvan funcionalidades que permitan unha tramitación máis automatizada e integrada dos procedementos.

IV.2. Actuacións correctoras xa implementadas ou en trámite.

- *Actuacións de deseño dun novo sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial*

O anteriores Plans de acción Provincial da Deputación de Pontevedra, centraron os esforzos no proxecto xa referido de modernización do sistema de xestión económico – financeira e patrimonial estruturado en varias fases de execución plurianual.



A mediados de 2022 procedeuse a licitación deste proxecto, si ben o mesmo foi declarado deserto a non acadar a única das ofertas presentadas a puntuación mínima esixible respecto dos criterios avaliábles mediante xuízo de valor. Esta situación, a posterior revisión dos prezos e tramitación dunha nova licitación demorou en arredor de medio ano o proceso, obrigou a unha revisión da planificación estimada respecto das fases pendentes.

Os traballos de configuración e parametrización dos novos sistemas iniciáronse no ano 2023, con previsión inicial de arranque nos meses de maio/xuño de 2024. Iniciado o ano 2024, considerando a complexidade do proceso e o importante volume de operacións que conlevaría unha migración a 31/05/2024, estimouse conveniente seguir avanzando no estudo dos procesos e operacións do novo programa a afectos de integración co xestor e outros sistemas internos, modificando a data de arranque ao 2/02/2025.

No primeiro trimestre do 2025 acadouse o cumprimento do obxectivo de implantación do novo sistema de xestión económico-patrimonial, con arranque do novo contabilidade, de xeito que a liquidación do exercicio 2025 realizarase no novo sistema, así como dos módulos de contabilidade analítica e de xestión patrimonial.

- Ciberseguridade

Neste exercicio iniciáronse as actuacións para emendar deficiencias a nivel técnico que dificultan unha correcta xestión da ciberseguridade. A este respecto, podemos salientar o despregue dunha solución de EDR (Endpoint Detection and Response) e a actualización de aplicacións fóra de vida, como o xestor de contidos Filenet, correspondente ao repositorio onde se almacena a información de expedientes da Deputación de Pontevedra.

En canto ao avance no cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade, elaborouse a Política de Seguridade da Información, que se espera que sexa aprobada o vindeiro mes de abril, a través da cal se constituirá o Comité de Seguridade da Información. Neste exercicio prevese a realización de actividades de formación ao persoal, a execución de auditorías internas previas á certificación do ENS e auditorías externas dos diferentes activos informáticos cos que conta a Deputación de Pontevedra.

V. VALORACIÓN DA EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN 2024.

Con data 8/03/2024 emitíuse o Informe resumo da Intervención Provincial dos resultados do control interno no exercicio 2024, remitido a IGAE en data 14/03/2024. Como resultado do control efectuado propúxose pola Intervención a adopción dunha serie de medidas de corrección e mellora.

Tomando en consideración as recomendacións e propostas de actuacións sinaladas no Informe da Intervención provincial, elaborouse o Plan de acción Provincial 2024, aprobado por RP número 2024003965, de data 13/05/2024.

Como sinala o referido Plan, a determinación das actuacións propostas adecuouse a criterios realistas, condicionado polos medios dispoñibles e prazo de execución, articulando o Plan de acción en torno a o obxectivo prioritario, xa sinalado no plan anterior, de modernización do sistema de xestión económico – financeiro e patrimonial da Deputación de Pontevedra e entidades adscritas e dependentes.

Si ben con certo retraso respecto da planificación, no ano 2024 impléntouse o módulo de contabilidade analítica (nunha versión básica revisable en futuros exercicios) así como o módulo de xestión patrimonial. O arranque do novo sistema contable realizouse en data 2/03/2025, aínda que a efectividade do mesmo demorouse ata mediados do mes de marzo pola complexidade do proceso migratorio e dos traballos de parametrización e integración que foron necesarios. A execución deste proxecto foi posible gracias ao esforzo, implicación e traballo coordinado do persoal da Intervención, Novas Tecnoloxías e Patrimonio.



Si ben podemos dar por cumprido a execución desta actuación prevista no Plan, o bo éxito do mesmo esixe seguir traballando a efectos de mellorar e avanzar na integración entre os diferentes sistemas de xestión económico-patrimonial e destes co xestor de expedientes, prevéndose un ano de esforzo e traballo coordinado dos servizos implicados.

En materia de ciberseguridade cómpre destacar os avances para acadar á certificación do ENS e demais actuacións levadas a cabo polo Servizo de Novas Tecnoloxías, que deben ser obxecto de continuidade e mellora nos vindeiros exercicios.”

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe de Intervención resumo dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2024**, en relación ó disposto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais, así como nos artigos 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

9. Dar conta do informe resumo do control financeiro executado no ano 2024 sobre as subvencións concedidas no exercicio 2022. (Expte.- 2025024175 – 2025006258).

A Intervención elaborou un informe sobre o control financeiro executado no ano 2024 sobre subvencións concedidas no exercicio 2022, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 8 de abril de 2025, onde se deixa constancia do seguinte:

INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONES 2022.

INTRODUCCIÓN.

O presente informe refírese ao traballo de control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2022.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, establécese un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, dentro dos cales se pode encadrar a actividade de control financeiro das subvencións. Este vén esixido polo artigo 44 da Lei que, no seu apartado 3, establece que a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións lle corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...; así mesmo, na Disposición adicional 14ª establécese que os procedementos regulados nesta Lei se adaptarán regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais.



No que se refire á competencia para exercer o control financeiro das subvencións, a disposición adicional décimo cuarta da Lei xeral de subvencións establécese que “a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes lles corresponderá aos órganos ou persoal funcionario que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións referidos nos artigos 213 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais”.

Este informe ten por obxecto informar das actuacións de control financeiro en materia de subvencións planificadas e executadas, grao de cumprimento do Plan, resultado das actuacións, conclusións e formular as recomendacións correspondentes.

Como en exercicios precedentes, no 2022 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns casos, realízase a inspección física e verifícase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.

Dentro do marco do control financeiro de subvencións se levaron a cabo dous tipos de traballos, por unha banda un Control Financeiro Pleno, e outro co obxectivo de comprobación do período de adscrición das subvencións cuxa finalidade sexa o financiamento de bens inventariables.

O criterio de selección de expedientes atende aos criterios de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que fíxose a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento directo e nominativo que superaron os 35.000,00 € dado que son os de maior volume económico, é onde se concentra mais risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios precedentes, resultando seleccionados 15 expedientes de subvenciones nominativas.

Adicionalmente se seleccionaron mediante sorteo 20 expedientes de subvencións de gasto corrente concedidas por concorrencia competitiva que superaron o importe de 6.000,00 €, ata acadar o 20 % dos concedidos por centro xestor.

En referencia a comprobación de subvencións de inversións o importe mantívose nos 10.000,00 € como nos exercicios anteriores, resultando seleccionados 15 expedientes.

OBXECTIVOS.

Os traballos de Control Financeiro Pleno das subvencións concedidas no exercicio de 2022, tiveron coma finalidade fundamental verificar:

- *A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario*
- *O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das obrigacións de xestión e aplicación das subvencións.*



- *A adecuada e correcta xustificación das subvencións por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras e a consecución do obxecto da subvención*
- *A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polos beneficiarios e colaboradores, foron financiadas coa subvención.*
- *O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.*
- *A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polos beneficiarios, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.*

Este control a posteriori realízase mediante a técnica de auditoría pública.

Sobre as actuacións de control, estas consisten en:

- *O exame de rexistros contables e estados financeiros que as soportaban.*
- *Operacións individualizadas relacionadas ou que afectasen ás subvencións concedidas.*
- *A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con estas.*
- *A comprobación material dos investimentos financiados.*
- *As actuacións concretas de control que se debían realizar conforme á normativa reguladora.*

Polo que se refire ás actuacións de comprobación do período de adscrición, estas consisten en:

- *O exame da conta xustificativa.*
- *A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.*
- *Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.*
- *Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.*
- *Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.*
- *Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.*
- *Inspección física, emitíndose informe sobre a comprobación in situ de referida adscrición.*

DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

3.1. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

O Control financeiro en materia de subvencións executouse de conformidade co Plan Anual. Este control se iniciou no exercicio 2024 sobre as subvencións concedidas no ano 2022 xa que na data de realización dos traballos deben estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción



dun maior control e conseguinte redución de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente independentemente do seu resultado, ca finalidade de ir ampliando o número de entidades beneficiarias de subvencións.

Como consecuencia o detalle da mostra de traballo quedou do seguinte xeito:

	SUBVENCIONS NOMINATIVAS DO 2022	
TOTAL DE SUBVENCIONS 2022	76	2.090,988,12 €
SELECCIÓN. MAIORES DE 35.000,00 €	15	1.178.087,59 €
COBERTURA	19,73 %	56,34 %

Foron obxecto de Control Financeiro 15 expedientes de subvencións nominativas, sendo seleccionadas as que superan o importe de 35.000,00 €, dun total de 76 do ano 2022, acadando unha cobertura de 56,34% do importe concedido .

Por outra banda se seleccionaron por sorteo 20 expedientes concedidos en concorrencia competitiva, entre as de importe superior a 6.000,00 € ata acadar o 20 % dos concedidos por centro xestor, o seu detalle sorteado foi:

CENTRO XESTOR	EXP.	20%
CULTURA	18	4
DEPORTES	84	16
	102	20

A selección por mostraxe se fixo utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procedendo, mediante a función aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedeuse a buscar, dentro este rango de números aleatorios asignados, os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.



A determinación dos expedientes a revisar na que a inversión continúa adscrita o obxecto para que foi concedida, fíxose sobre aquelas subvencións concedidas por importe igual ou superior a 10.000,00 €.

CAP. VII MAIOR OU IGUAL A 10.000,00 €						
<i>CENTRO XESTOR</i>	<i>Nº EXPD.</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>TOT. EXPD.</i>	<i>% EXPD.</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>% IMP.</i>
<i>MED. AMB.</i>	9	203.255,76 €	15	60,00%	210.790,42 €	54,93%
<i>PAT. DOC</i>	6	62.570,51 €	13	46,15%	113.906,55 €	96,43%
COBERTURA	15	265.826,27 €	40	70,00%	407.403,44 €	65,25%

DETERMINACIÓN DOS EXPEDIENTES A EXAMINAR.

Reunidos na Deputación de Pontevedra as 12:00 do día 13 de maio de 2024 e estando presentes:

Dna. Susana Escaloni Varela, Vicenterventora da Deputación de Pontevedra

D. Julio Souto Diz, Xefe do Servizo de Contabilidade e auditoría da Deputación de Pontevedra

Dna. Marta Blach Silva, Técnica de Contabilidade e Control Financeiro da Deputación de Pontevedra.

Procedeuse ó sorteo dos expedientes que formaron parte do Control Financeiro de Subvencións segundo ó establecido no punto VI.1 do “Plan de Control Financeiro de Subvencións concedidas no exercicio 2022”.

En primeiro lugar realizase o sorteo das subvencións de concorrencia competitiva, das que se seleccionaron os 13 expedientes sinalados no Plan de Control Financeiro.

Resultando seleccionados os seguintes expedientes:

20 EXPEDIENTES SORTEO CONCORRENCIA COMPETITIVA (4 CULTURA, 16 DEPORTES)			
NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
G94137379	ASOCIACION CURTAS FILM FEST	CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO 2022	19.425,97 €
G36024990	ASOCIACION CIVICO CULTURAL XIRIA	MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS 2022	20.309,18 €



G94151610	ASOCIACION CULTURAL E CINEMATOGRAFICA NOVOS CINEMAS	NOVOS CINEMAS. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE PONTEVEDRA. EDICION 07	20.393,87 €
G27877703	ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022. 6ª EDICIÓN	9.305,45 €
G27820000	MASTER DA LOURIÑA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (CICLISMO)	11.700,52 €
G36113827	ESCUELA PIRAGUISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)	23.224,47 €
G36460681	CLUB BALONCESTO PEIXE FRESCO MARIN	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONCESTO)	14.329,60 €
G94140910	VIAJES INTERRIAS FUTBOL FEMENINO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (FÚTBOL FEMENINO)	8.153,38 €
G36686376	CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONMANO)	24.730,68 €
G36948115	CLUB BALONMAN SEIS DO NADAL-COIA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONMANO)	15.000,00 €
G36623346	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (VELA)	15.337,78 €
G36321289	CLUB DEPORTIVO MIÑO DE GOIAN -TOMIÑO-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)	7.022,94 €
G36034999	CLUB REMO DO MIÑO -TUI-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	10.400,00 €
G36105542	SOCIEDADE DEPORTIVA ATLETICA NOVAS - O ROSAL	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONMANO)	20.413,30 €
G36942142	CLUB DE BALONCESTO SEIS DO NADAL-COIA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONCESTO)	15.000,00 €
G05440573	CLUB MOTO VIGO	CAMPEONATO DEL MUNDO TOURING 2022 VOLTA MOTOCICLISTA A GALICIA	10.120,26 €
G36048601	CLUB NAUTICO COBRES	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)	11.825,44 €
G67788828	CLUB DEPORTIVO DELIKIA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (TRIATLÓN)	6.930,50 €
G36576007	CD ESCOLA HUNGARESA ESGRIMA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (ESGRIMA)	6.572,20 €
G27852896	CLUB REMO VIGO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	19.595,32 €



Ademais completan a mostra, segundo o establecido no punto VI.1 do Plan de Control Financeiro, os seguintes expedientes:

15 EXPEDIENTES SUBVENCIONS NOMINATIVAS SUPERIORES A 35.000,00 €			
NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
G36102705	CLUB BALONMAN CANGAS	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	45.000,00 €
G36708212	CORUXO F.C.	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	120.000,00 €
G36711380	CLUB AMFIV -VIGO-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	40.000,00 €
G36246858	CLUB BALONMANO PORRIÑO	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	45.000,00 €
G36026680	CLUB AROSA, S.C. - VILAGARCIA DE AROUSA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	100.000,00 €
A36029577	PONTEVEDRA CF SAD	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	160.000,00 €
G36176337	CLUBE BALONMAN ATLETICO GUARDES -A GUARDA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	51.000,00 €
G36040764	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISTO PONTEVEDRA	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PIRAGUISTO 2022	45.000,00 €
G36909885	FUNDACION MARCO	ACTIVIDADES PARA A VISUALIZACIÓN DA MULLER NO MUNDO DE ARTE CONTEMPORÁNEA	60.000,00 €
G36690832	FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO	ESCOLAS DEPORTIVAS DE BALONMAN 2022	65.000,00 €
G36614774	ASOC INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICI	PROGRAMA TECNOLÓXICAS 2022-2023	80.887,59 €
G85688893	CLASICAS Y MODERNAS ASOCIACION PARA LA IGUALDAD DE GENERO EN	I ENCONTRO INTERNACIONAL CYM MULLERES DA ESCENA EN IGUALDADE	45.000,00 €
G70138565	FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE	REDUCCIÓN DA PEGADA HÍDRICA	36.200,00 €
B15616121	VIA LACTEA FILMES SL	PROXECTO: XOSÉ GIL. PONTEVEDRA, PROVINCIA DE CINE, NA ORIXE DO CINEMA	245.000,00 €
G36704195	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	40.000,00 €

15 EXPEDIENTES CORRESPONDENTES A SUBVENCIONS DO CAPT. VII SUPERIORES A 10.000,00 €			
NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
G36200806	ASOCIACION DE AMIGOS DA DORNA MECA O GROVE	INSTALACIÓN DUN MOTOR INTERNO NA EMBARCACIÓN TRADICIONAL "RAKÚ"	10.590,88 €
G94164167	ASOCIACION CULTURAL DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS PIUEIRO	REHABILITACIÓN DO VOLANTEIRO GUARDÉS "PIUEIRO"	10.421,39 €
G94139235	ASOC CULTURAL CARAMUXO DA ILLA DE AROUSA	REHABILITACIÓN DA EMBARCACIÓN TRADICIONAL "DANIEL"	10.075,91 €
G36472306	ASOCIACION RECREATIVA E CULTURAL SUESTE	TRABALLOS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E REHABILITACIÓN NO GALEÓN "ELISEO"	11.298,97 €
G27837988	FUNDACION TRASLATIO	RECUPERACIÓN DO BUQUE DE VAPOR "HIDRIA SEGUNDO"	10.000,00 €



G36447860	ASOCIACION CULTURAL, DEPORTIVA E PRESTADORA DE SERVICIOS ROM	RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA EMBARCACIÓN "ILLA DE CORTEGADA"	10.183,36 €
G36618510	COFRADIA DE PESCADORES LA ANUNCIADA BAIONA	ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE VIXILANCIA, ORDENADORES, MOBILIARIO E REPARACIÓN DE LANCHAS	13.377,72 €
G36013712	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTÍÑO	MELLORAS NO CARRO VARADEIRO E ADQUISICIÓN DE CAIXAS DE PEIXE REUTILIZABLES	23.862,32 €
G36012847	COFRADIA DE PESCADORES SAN ANTONIO -CAMBADOS-	EQUIPOS PARA LONXA, COFRADIA E VIXILANCIA	16.372,93 €
G36007714	COFRADIA PESCADORES SAN CIPRIANO DE ALDAN HIO	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO E OUTRAS VARIAS	21.441,98 €
G36014124	COFRADIA DE PESCADORES SAN JULIAN ISLA DE AROSA DE VILLANUEV	ADQUISICIÓN DE ORDENADORES	10.184,80 €
G36012854	COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL ROSARIO VILAXOAN	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO	15.622,34 €
F36047058	CAMPODEZA, S. COOP. LTDA.	ADQUISICIÓN DE DIVERSA MAQUINARIA AGROFORESTAL	15.771,90 €
F36393775	SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA	ADQUISICIÓN DUN REMOLQUE ESPARCIDOR	31.500,00 €
F36008563	SAT N 4035	ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN EQUIPO DE FRIO PARA ADEGA	15.543,02 €

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Normas de auditoría do sector público.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra. BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016.
- Bases reguladoras do orzamento provincial de 2022
- Bases das distintas convocatorias de subvencións aprobadas no exercicio 2022.

RESULTADOS DO TRABALLO REALIZADO.

O obxecto do presente informe é resumir as principais incidencias detectadas como consecuencia do desenvolvemento dos traballos de control financeiro, así como pór de manifesto algúns aspectos que se deberían ter en conta no desenvolvemento desta actividade de fomento. Para iso este apartado dividirémolo, por unha banda nas conclusións obtidas como consecuencia dos traballos de Control Financeiro e por outra cas conclusións obtidas dos traballos de actuación de comprobación do período de adscrición dos bens que foron subvencionados para a súa adquisición.



Finalmente, como consecuencia de os traballos, fanse unha serie de suxestións a ter en conta nas bases reguladoras de cada liña de subvencións, coa finalidade de emendar, na medida do posible, puntos débiles detectados no desenvolvemento de ambos os traballos e que se contrastaron no desenvolvemento do control financeiro.

5.1 RESULTADOS DO TRABALLO DE CONTROL FINANCEIRO.

O traballo se realizou, como en exercicios precedentes, dende as dependencias da Deputación sen desprazamentos aos domicilios sociais dos beneficiarios, e centrouse basicamente nos obxectivos detallados no punto 2 do presente informe.

Dos expedientes obxecto de Control Financeiro correspondentes a subvencións concedidas polo procedemento de **concorrenza competitiva** se atopan en trámite de resolución seis, dos cales 4 están pendentes de informe definitivo e 2 en fase de tramitación dos expedientes de reintegro e sancionador. Do resto atopáronse incidencias en 4, que deron lugar a incoación de 4 expedientes de reintegro e 2 de sanción, o seu detalle é:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	SANCIÓN	REINTEGRO
ASOCIACION CULTURAL E CINEMATOGRAFICA NOVOS CINEMAS	NOVOS CINEMAS. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE PONTEVEDRA. EDICION 07	20.393,87 €	75,00 €	18.641,03 €
ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022. 6ª EDICIÓN	9.305,45 €	45,00 €	2.761,23 €
CLUB BALONCESTO PEIXE FRESCO MARIN	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONCESTO)	14.329,60 €	-	3.163,08 €
CLUB NAUTICO COBRES	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)	11.825,44 €	-	10.381,84 €

As incidencias fundamentais detectadas, e que se reiteran como en exercicios anteriores, son:

1. Concorrenza de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.
2. Erros na conta xustificativa, que inclúen gastos non subvencionables.
3. Inclusión de facturas empregadas para xustificar outras subvencións.

Destacar tamén, que 10 dos expedientes obxecto de Control Financeiro obtiveron informe favorable por non atoparse ningunha incidencia significativa.

En referencia ós traballos de Control Financeiro feitos sobre 14 as subvencións concedidas polos procedementos de **concesión directa ou nominativa**, aclarar que un dos expedientes, por ser



bianual se traslada ó control financeiro de 2023, e realizase sobre outros 14. Derivado do seu análise foron detectadas diversas incidencias que deron lugar a 5 expedientes de reintegro e 3 de sanción, sendo o seu detalle:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	SANCIÓN	REINTEGRO
FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	40.000,00 €	75,00 €	1.568,69 €
CLASICAS Y MODERNAS ASOCIACION PARA LA IGUALDAD DE GENERO	I ENCONTRO INTERNACIONAL CYM MULLERES DA ESCENA EN IGUALDADE	45.000,00 €	-	1.270,26 €
VIA LACTEA FILMES SL	PROXECTO: XOSÉ GIL. PONTEVEDRA, PROVINCIA DE CINE, NA ORIXE DO CINEMA	245.000,00 €	75,00 €	5.943,26 €
CLUB AMFIV -VIGO-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	40.000,00 €	-	956,37 €
CLUB AROSA, S.C. - VILAGARCIA DE AROUSA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	100.000,00 €	-	9.152,88 €
CLUBE BALONMÁN ATLETICO GUARDES -A GUARDA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	51.000,00 €	45,00 €	-

As incidencias fundamentais detectadas, son:

1. Exceso de custos imputados a actividade subvencionada, entre outros, os derivados dos custos indirectos.
2. Pagos realizados fora dos prazos determinados nas Resolucións ou convenios de concesión das subvenciones.
3. Concorrencia de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.
4. Falta de publicación na Base Nacional de Subvencións, os beneficiarios e importes concedidos.

Destacar tamén, que 8 dos expedientes obxecto de Control Financeiro obtiveron informe favorable por non atoparse ningunha incidencia significativa.

5.2 RESULTADOS DOS TRABALLOS DE CONTROL DE INVERSIÓNS SUBVENCIONADAS.

Polo que se refire a actuación de comprobación do período de adscrición, os traballos consistiron en:



- O exame da conta xustificativa.
- A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.
- Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.
- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

Ademais, có apoio do técnico-enxeñeiro de intervención, emitiuse informe sobre a comprobación in situ da adscrición dos bens a finalidade subvencionada.

Os expedientes analizados foron 15, deles 1 presentaron a renuncia en fase de xustificación, polo que non foron obxecto de traballo. Dos 14 restantes, non se atoparon incidencias en ningún deles.

Destacar que ás subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra, son, con carácter xeral, asociacións que non teñen estrutura administrativa, nin dispoñen de libros contables, limitándose as operacións ós movementos do extracto bancario. Polo que a xustificación das subvencións resulta, nalgúns casos, de difícil cumprimento.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN E RECOMENDACIÓNS.

Basicamente reitéranse as de exercicios precedentes.

1. Excluir da mostra aqueles beneficiarios obxecto de control e que non tiveron incidencias no exercicio anterior.
2. Dada a experiencia dos Centros Xestores de subvencións polo trato mais directo cos beneficiarios das mesmas, propónse a inclusión directa no plan de traballo de aqueles expedientes que de forma motivada poidan ser propostos por eles, indicando os incumprimentos que, ao seu criterio, se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes respecto dos cales no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.
3. Dotar de mais persoal aos negociados de fiscalización, ou valorar a creación dun Negociado de Control Financeiro de Subvencións, que traballe permanentemente neste campo, e con vistas a súa inclusión nun Control Financeiro e Auditoría globais, acorde co novo enfoque de control financeiro que se deriva do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.
4. Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións.
5. Incorporar ós modelos de convenios reguladores de subvención directas e nominativas os extremos recollidos no artigo 15.6 da OXSDEPPO. Ademais, tamén debe recollese a porcentaxe de desviación máxima dos diferentes conceptos da actividade subvencionada respecto ao orzamento inicial.



6. *Proposta de mellora das bases reguladoras, convenios e/ou resolucións de concesión de subvencións:*
- *Incluír referencia á prohibición legal de contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas coa entidade beneficiaria da subvención, ou con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias as que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo acreditación (respecto á persoas ou entidades vinculadas) da concorrencia dos requisitos esixidos no referido apartado.*
 - *Incluír a obriga, por parte da entidade beneficiaria, de dispoñer dalgún sistema de rexistro ou contabilización dos gastos e ingresos, nos que se poda identificar claramente aqueles gastos que son cofinanciados pola Deputación, e que son obxecto de control.*
 - *Engadir nos textos dos convenios os custos dos mesmos, sobre todo cando se utilice persoal propio, no que se deberá especificar as horas a imputar e custo das mesmas e non porcentaxes de nóminas.*
 - *Fixar claramente nos convenios os criterios de imputación e xustificación dos gastos ou custos indirectos.*
 - *Delimitar con claridade, no caso de subvencións de capital, a non inclusión de gastos que o propio beneficiario contabiliza como correntes.*
 - *Cando se trate de subvencións ao funcionamento dunha entidade impoñer a obriga de remitir o resultado económico, no caso de subvencionar algunha actividade concreta e a liquidación de ingresos e gastos da mesma.*
 - *En caso de non presentación da conta xustificativa en prazo deberá requirirse a achega no menor tempo posible. Se recomenda durante o proceso de xustificación apertura de exp. Sancionador por infracción leve para incentivar o cumprimento da aportación da conta xustificativa en prazo.*
 - *Respecto dos requisitos esenciais que se esixirán no control financeiro (ó que se refire o apartado i) do artigo 15.6) da OXSDEPPO, sinalar que deberá facerse referencia ó recollido nos apartados 5 e 6 do artigo 31 da OXSDEPPO, indicando a data da súa publicación (BOPPO nº 249 de 30 de decembro de 2016) e, en concreto, recoller expresamente que o pago de todas as facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse no prazo máximo de un mes dende a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio, en todo caso, cando o importe de cada factura supere os 900 € e que, no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que só se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).*
 - *Todas as subvencións concedidas, incluídas as concedidas mediante convenio, serán publicadas tanto no BOPPO como na páxina WEB nada mais concederse. Asemade, debe remitirse información da mesma á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Non obstante, non será necesaria a publicación da concesión nos supostos recollidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (OXSDEPPO).*
7. *Introducir na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación criterios de gradación de posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:*



- *Procederá a declaración de perda do dereito de cobramento da totalidade ou parte da subvención concedida e, se fose o caso, o reintegro das cantidades indebidamente cobradas, cando a persoa beneficiaria modifique a actividade que se vaia desenvolver declarada na solicitude e na memoria do proxecto, sen contar coa previa aprobación por parte do órgano competente.*
 - *No caso de incumprir coa obriga relativa a comunicar a obtención doutras axudas no caso de que sexan incompatibles.*
 - *O incumprimento da obriga relativa a comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que fosen compatibles.*
 - *O incumprimento do mantemento dun sistema de contabilidade separado ou unha codificación contable adecuada, dará lugar ao reintegro parcial dunha porcentaxe da axuda concedida.*
 - *O incumprimento das obrigas en materia de publicidade.*
8. *No caso de que a actividade subvencionada acade o 100% do custo da mesma, engadir ao expediente de tramitación un estudio de custos que xustifique que non resulta máis caro para a Deputación subvencionar a actividade que contratala polo procedemento oportuno.*
 9. *Verificar a concesión de Licenza de obras no caso que fose de aplicación, con posterioridade a declaración de tela solicitado.*
 10. *Acreditar a situación económica dos beneficiarios cos que se propón a formalización de convenios de cara a asegurar a posibilidade financeira de afrontar os compromisos adquiridos.*

ACCESO AOS INFORMES DEFINITIVOS.

O acceso aos informes definitivos de Control Financeiro se pode facer nos expedientes de Cívidas creados no seu día para a tramitación das subvencións concedidas. Os números de expedientes se relacionan no anexo I a este informe.

ANEXO I. DETALLE DE BENEFICIARIOS E NÚMERO DE EXPEDIENTE.

Control Financeiro de subvencións concedidas por concorrencia:

EXP. CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	Nº Expdte. C. F.
2022025747	ASOCIACION CURTAS FILM FEST	CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO 2022	19.425,97 €	1



2022025088	ASOCIACION CIVICO CULTURAL XIRIA	MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS 2022	20.309,18 €	2
2022025811	ASOCIACION CULTURAL E CINEMATOGRAFICA NOVOS CINEMAS	NOVOS CINEMAS. FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE PONTEVEDRA. EDICION 07	20.393,87 €	3
2022023090	ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	GALICIAN FREAKY FILM FESTIVAL 2022. 6ª EDICIÓN	9.305,45 €	4
2022018936	MASTER DA LOURIÑA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (CICLISMO)	11.700,52 €	5
2022029509	ESCUELA PIRAGUISMO CIUDAD DE PONTEVEDRA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)	23.224,47 €	6
2022019093	CLUB BALONCESTO PEIXE FRESCO MARIN	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONCESTO)	14.329,60 €	7
2022018916	VIAJES INTERRIAS FUTBOL FEMENINO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (FÚTBOL FEMENINO)	8.153,38 €	8
2022016881	CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONMANO)	24.730,68 €	9



2022018930	CLUB BALONMAN SEIS DO NADAL-COIA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONMANO)	15.000,00 €	10
2022031702	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (VELA)	15.337,78 €	11
2022030681	CLUB DEPORTIVO MIÑO DE GOIAN -TOMIÑO-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)	7.022,94 €	12
2022029502	CLUB REMO DO MIÑO - TUI-	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	10.400,00 €	13
2022017637	SOCIEDADE DEPORTIVA ATLETICA NOVAS - O ROSAL	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONMANO)	20.413,30 €	14
2022018928	CLUB DE BALONCESTO SEIS DO NADAL-COIA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (BALONCESTO)	15.000,00 €	15
2022020676	CLUB MOTO VIGO	CAMPEONATO DEL MUNDO TOURING 2022 VOLTA MOTOCICLISTA A GALICIA	10.120,26 €	16
2022030218	CLUB NAUTICO COBRES	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (PIRAGÜISMO)	11.825,44 €	17
2022017633	CLUB DEPORTIVO DELIKIA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (TRIATLÓN)	6.930,50 €	18
2022017286	CD ESCOLA HUNGARESA ESGRIMA	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO ESTATAL (ESGRIMA)	6.572,20 €	19



2022032127	CLUB REMO VIGO	COMPETICIÓN FEDERADA DE ÁMBITO NÁUTICO (REMO)	19.595,32 €	20
------------	----------------	---	-------------	----

Control Financeiro de subvencións por concesión directa e nominativas:

EXP. CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	Nº Expdte. C. F.
2022006488	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	40.000,00 €	21
2022033319	FUNDACION MARCO	ACTIVIDADES PARA A VISUALIZACIÓN DA MULLER NO MUNDO DE ARTE CONTEMPORÁNEA	60.000,00 €	22
2022053684	CLASICAS Y MODERNAS ASOCIACION PARA LA IGUALDAD DE GENERO	I ENCONTRO INTERNACIONAL CYM MULLERES DA ESCENA EN IGUALDADE	45.000,00 €	23
2022070009	VIA LACTEA FILMES SL	PROXECTO: XOSÉ GIL. PONTEVEDRA, PROVINCIA DE CINE, NA ORIXE DO CINEMA	245.000,00 €	24
2022003839	CLUB BALONMAN CANGAS	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	45.000,00 €	25



2022003841	CORUXO F.C.	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	120.000,00 €	26
2022003828	CLUB AMFIV - VIGO-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	40.000,00 €	27
2022003832	CLUB BALONMANO PORRIÑO	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	45.000,00 €	28
2022004098	CLUB AROSA, S.C. - VILAGARCIA DE AROUSA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	100.000,00 €	29
2022016740	PONTEVEDRA CF SAD	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	160.000,00 €	30
2022013128	CLUBE BALONMÁN ATLETICO GUARDES -A GUARDA-	GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB	51.000,00 €	31
2022005792	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	ESCOLAS DEPORTIVAS DE PIRAGUISMO 2022	45.000,00 €	32
2022042709	FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO	ESCOLAS DEPORTIVAS DE BALONMAN 2022	65.000,00 €	33
2022041134	FEDERACION GALEGA DE MEDIO AMBIENTE	REDUCCIÓN DA PEGADA HÍDRICA	36.200,00 €	34
2022045576	A.INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICIA	PROGRAMA TECNOLÓXICAS 2022- 2023	80.887,59 €	35



Control Financeiro de Inversións:

EXP. CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	Nº Expdte. C. F. I.
2022037240	ASOCIACION DE AMIGOS DA DORNA MECA O GROVE	INSTALACIÓN DUN MOTOR INTERNO NA EMBARCACIÓN TRADICIONAL "RAKÚ"	10.590,88 €	36
2022037655	ASOCIACION CULTURAL DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS PIUEIRO	REHABILITACIÓN DO VOLANTEIRO GUARDÉS "PIUEIRO"	10.421,39 €	37
2022037525	ASOC CULTURAL CARAMUXO DA ILLA DE AROUSA	REHABILITACIÓN DA EMBARCACIÓN TRADICIONAL "DANIEL"	10.075,91 €	38
2022037535	ASOCIACION RECREATIVA E CULTURAL SUESTE	TRABALLOS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E REHABILITACIÓN NO GALEÓN "ELISEO"	11.298,97 €	39
2022036393	FUNDACION TRASLATIO	RECUPERACIÓN DO BUQUE DE VAPOR "HIDRIA SEGUNDO"	10.000,00 €	40
2022037004	ASOC CULT, DEPORT E PRESTADORA DE SERVICIOS ROMPETIMÓNS	RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA EMBARCACIÓN "ILLA DE CORTEGADA"	10.183,36 €	41
2022034371	COFRADIA DE PESCADORES LA ANUNCIADA BAIONA	ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE VIXILANCIA, ORDENADORES, MOBILIARIO E REPARACIÓN DE LANCHAS	13.377,72 €	42
2022034616	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTÍÑO	MELLORAS NO CARRO VARADEIRO E ADQUISICION DE CAIXAS DE PEIXE REUTILIZABLES	23.862,32 €	43
2022031760	COFRADIA DE PESCADORES SAN ANTONIO -CAMBADOS-	EQUIPOS PARA LONXA, COFRADIA E VIXILANCIA	16.372,93 €	44
2022028958	COFRADIA PESCADORES SAN CIPRIANO DE ALDAN HIO	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO E OUTRAS VARIAS	21.441,98 €	45



2022034291	COFRADIA DE PESCADORES SAN JULIAN ISLA DE AROSA DE VILLANUEV	ADQUISICIÓN DE ORDENADORES	10.184,80 €	46
2022034614	COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL ROSARIO VILAXOAN	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO	15.622,34 €	47
2022033574	CAMPODEZA, S. COOP. LTDA.	ADQUISICIÓN DE DIVERSA MAQUINARIA AGROFORESTAL	15.771,90 €	48
2022033575	SCDAD COOPERATIVA GANDEIROS DO DEZA	ADQUISICIÓN DUN REMOLQUE ESPARCIDOR	31.500,00 €	49
2022035369	SAT N 4035	ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DUN EQUIPO DE FRIO PARA ADEGA	15.543,02 €	50

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda **queda enterada do contido do informe de control financeiro executado no ano 2024 sobre as subvencións concedidas no exercicio 2022**, en relación ó disposto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais, así como no artigo 44 e na disposición adicional 14ª da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

10. Dar conta do Plan anual de control financeiro e auditoría da Deputación a desenvolver durante o ano 2025. (Exptes.- 2025024176 – 2025016467).

A Intervención con data 2 de abril de 2025, de conformidade co establecido no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, elaborou un Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2025. O contido deste Plan é o seguinte:

“PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A DESENVOLVER DURANTE O ANO 2025



O Real Decreto 424/2017 prevé a obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación do control financeiro. Para iso, introdúcese como requisito básico que o órgano interventor elabore e adopte un Plan Anual de Control Financeiro, do que deberá informar á Entidade Local, incluídas as modificacións ou alteracións que se produzan.

1. INTRODUCCIÓN

Desde o punto de vista técnico, o control interno estrutúrase en dúas modalidades, función interventora e control financeiro. Así mesmo, este configúrase en dous réximes de exercicio diferenciado: o control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambos, o control de eficacia.

Corresponde ao órgano interventor a organización e desenvolvemento dun modelo de control eficaz e para iso deberánselle habilitar os medios necesarios e suficientes.

O modelo asegurará, con medios propios ou externos, o control efectivo de, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado do exercicio mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro. No transcurso de tres exercicios consecutivos e en base a unha análise previa de riscos, deberá alcanzar o cento por cento do devandito orzamento.

Modalidades de control financeiro.

O Real Decreto 424/2017 distingue dúas modalidades de exercicio do control financeiro:

1. O exercicio do control financeiro na modalidade de **control permanente** que terá como obxectivo comprobar, de forma continua, que a actividade económico-financieira realizada polo sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira. O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora.
2. O exercicio do control financeiro na modalidade de **auditorías públicas** que consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financieira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado. Esta modalidade comprenderá as **auditorías de contas anuais**, de **cumprimento e operativas**.
 - 2.1. A **auditoría de contas**, que ten por obxecto a verificación relativa a se as **contas anuais** representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada. O órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de:
 - a. Os organismos autónomos locais.
 - b. As entidades públicas empresariais locais.
 - c. As fundacións do sector público local obrigadas a audítese pola súa normativa específica.



- d. Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 do Regulamento.
 - e. As sociedades mercantís e as fundacións do sector público local non sometidas á obrigaón de auditarse, que se inclúan no plan anual de auditorías.
- 2.2. A **auditoría de cumprimento e a auditoría operativa**, nas entidades do sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental.
3. No exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal.

Planificación do control financeiro (artigo 31 do RD 424/2017).

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio.

O Plan Anual de Control Financeiro incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriven dunha obriga legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control, susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

Identificados e avaliados os riscos, o órgano interventor elaborará o Plan Anual concretando as actuacións para realizar e identificando o alcance obxectivo, subxectivo e temporal de cada unha delas. O Plan Anual de Control Financeiro así elaborado será remitido a efectos informativos ao Pleno.

O Plan Anual de Control Financeiro poderá ser modificado como consecuencia da execución de controis en virtude de solicitude ou mandato legal, variacións na estrutura das entidades obxecto de control, insuficiencia de medios ou por outras razóns debidamente ponderadas. O Plan Anual de Control Financeiro modificado será remitido a efectos informativos ao Pleno.



Informes do control financeiro (artigo 35 do RD 424/2017).

O resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

A estrutura, contido e tramitación dos mencionados informes axustarase ao establecido nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Destinatarios dos informes (artigo 36 do RD 424/2017).

Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e á Presidencia da Entidade Local, así como, a través desta última, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Tamén serán enviados aos órganos que prevé o artigo 5.2 cando nos devanditos informes se aprecie a existencia de feitos que puidesen dar lugar, indiciariamente, ás responsabilidades que nel describense.

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.

Esta mesma información deberá remitirse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso.

Informe resumen (artigo 37 do RD 424/2017).

O órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumen dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe resumen será remitido ao Pleno, a través da Presidencia da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e de función interventora realizadas no exercicio anterior.

A Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das Entidades Locais.



Plan de acción (artigo 38 do RD 424/2017).

A Presidencia da Corporación formalizará un plan de acción que determine as medidas para adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe resumo referido no apartado anterior.

O plan de acción elaborárase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión do informe resumo ao Pleno e conterá as medidas de corrección adoptadas, o responsable de implementalas e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

O plan de acción será remitido ao órgano interventor da Entidade Local, que valorará a súa adecuación para liquidar as deficiencias sinaladas e no seu caso os resultados obtidos, e informará o Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora da xestión económico financeira.

Na remisión anual á Intervención Xeral da Administración do Estado do informe resumo dos resultados do control interno informarase, así mesmo, sobre a corrección das debilidades postas de manifesto.

2. PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025.**2.1. ANTECEDENTES.**

No ano 2015 púxose en marcha nesta entidade o control financeiro en materia de subvencións, procedéndose ao deseño e aprobación do primeiro Plan provincial de control financeiro restrinxido a dito ámbito.

Nos exercicios sucesivos procedeuse á aprobación e execución dos correspondentes plans anuais de control financeiro en materia de subvencións.

A entrada en vigor do Real Decreto 424/2017 regulou de xeito claro e indubitado a obriga de deseño e execución dun Plan anual de control financeiro e auditoría global.

No ano 2020 formulouse o primeiro Plan anual de control financeiro e auditoría, con ampliación do ámbito material do control, co obxecto de dar cumprimento ás principais esixencias legais nesta materia, incorporando novas actuacións de control financeiro (registro de facturas) e de auditoría de contas de entidades adscritas e dependentes.

No ano 2022 ampliouse o ámbito obxectivo do control incluíndo o control financeiro en materia de ingresos, respecto de expedientes xestionados polos ORAL.

Os Plans anuais posteriores mantiveron as áreas de control. A importante carga de traballo da Intervención e a limitación de medios condicionan a configuración dos Plans,



de xeito que, sen prexuízo da conveniencia e necesidade da ampliación, estes deben formularse en termos realistas de execución.

2.2. MEDIOS DISPONIBLES

Os medios persoais dispoñibles para a realización do control financeiro son limitados en canto a número e dedicación. O incremento da actividade de control, tanto no que atinxe ao reforzo do control financeiro en materia de subvencións, como a inclusión de novas áreas de control e auditoría, esixen necesariamente unha maior dotación de medios, ben sexa mediante incremento do número de efectivos asignados ás tarefas de control, ben mediante a colaboración con entidades privadas especializadas en control e auditoría, ou unha mestura de ambos.

Partindo da experiencia de anos anteriores respecto da colaboración externa na realización de control financeiro de subvencións, consideramos como solución máis eficiente a realización do control con medios propios, sen prexuízo de colaboracións puntuais para controis singulares e moi especializados como as auditorías de contas, polo que o crecemento no ámbito do control debe vir acompañado necesariamente cun incremento da dotación de efectivos no medio prazo. A estes efectos os plans 2022 posteriores concibíronse para a execución con medios propios, con colaboración dunha entidade auditora para a realización das auditorías de contas das entidades adscritas e dependentes.

Nesta mesma liña, o Plan 2025 executarase con medios propios, correspondendo a execución deste proxecto ao servizo de Contabilidade e Auditoría, cunha dotación actual de medios de tres persoas, o Xefe de Servizo e dúas Técnicas, baixo a dirección e colaboración da Viceinterventora.

Non en tanto, cómpre destacar no que atinxe á dispoñibilidade de medios persoais, a baixa acumulada de preto de dous anos dunhas das técnicas de control financeiro, sen reincorporación nin cobertura do posto na data actual así como a previsión de execución neste exercicio de traballos de revisión e mellora da integración do programa contable (GEMA) co xestor (CIVIDAS), revisión e definición de novos circuitos e procedementos, supervisión dos procesos de parametrización, con previsión dun “peche contable” de proba ao remate do verán para analizar e solventar os principais problemas que poden darse no cambio de exercicio (considerando que se trata das primeiras contas a realizar no novo programa) así como dos traballos de regularización da contabilidade patrimonial e inventario, procesos que executaranse baixo a dirección funcional da Viceinterventora e que esixirán un notable esforzo e dedicación do persoal do servizo de Contabilidade e Auditoría, o que condiciona e limita de xeito substancial a configuración e execución deste plan.

2.3. CONTIDO.

A efectos de delimitar o contido do Plan Anual de control financeiro, diferenciamos actuacións de CONTROL PERMANENTE e actuacións de AUDITORÍA.



2.3.1 CONTROL PERMANENTE

No que tinxe ao **CONTROL PERMANENTE** podemos establecer una dobre clasificación das actuacións de control:

- Por un lado, podemos distinguir entre actuacións de control financeiro **OBRIGATORIAS** (existe unha norma legal e/ou regulamentaria que configuran o control con carácter preceptivo) e **VOLUNTARIAS** (previamente seleccionadas en función dun análises de riscos).
- Doutro, podemos distinguir entre actuacións de control financeiro **PLANIFICABLES** e **NON PLANIFICABLES**. As primeiras poden derivar ou non dunha obriga legal e se realizan con carácter xeral a posteriori empregando técnicas ou procedementos de auditoría. As segundas (non planificables) derivan dunha obriga legal e se efectúan no momento e coas condicións previstas na normativa reguladora, segundo as esixencias do procedemento.

A. Actuacións de control permanente derivadas dunha obriga legal ou regulamentaria (OBRIGATORIAS)

O artigo 4 do Real Decreto 128/2018 sinala unha serie de materias ou procedementos suxeitas a control financeiro con carácter preceptivo. Na restante normativa de aplicación no ámbito das entidades locais, atopamos outras actuacións en materia de informe ou control atribuídas á Intervención con carácter preceptivo e que, ao non revestir o carácter de fiscalización/intervención previa, se inclúen no control financeiro e, por conseguinte neste Plan Anual.

Artigo 4 do Real Decreto 128/2018:

“El ejercicio del control financiero incluirá, en todo caso, las actuaciones de control atribuidas en el ordenamiento jurídico al órgano interventor, tales como:

- 1. El control de subvenciones y ayudas públicas, de acuerdo con lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.*
- 2. El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos.*
- 3. La emisión de informe previo a la concertación o modificación de las operaciones de crédito.*
- 4. La emisión de informe previo a la aprobación de la liquidación del Presupuesto.*
- 5. La emisión de informes, dictámenes y propuestas que en materia económico-financiera o presupuestaria le hayan sido solicitadas por la presidencia, por un tercio de los Concejales o Diputados o cuando se trate de materias para las que legalmente se exija una mayoría especial, así como el dictamen sobre la procedencia de la implantación de nuevos*



Servicios o la reforma de los existentes a efectos de la evaluación de la repercusión económico-financiera y estabilidad presupuestaria de las respectivas propuestas.

6. *Emitir los informes y certificados en materia económico-financiera y presupuestaria y su remisión a los órganos que establezca su normativa específica.”*

Outras actuacións de control financeiro obrigatorias previstas na normativa legal aplicable ás entidades locais son as seguintes:

a. As previstas na Lei Orgánica 2/2012 e RD 1463/2007. Entre outras:

- *As consideracións en materia de estabilidade e sustentabilidade que deben ser obxecto de valoración con carácter previo á aprobación das disposicións regulamentarias, en fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación que afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros (artigo 7.3 Lei Orgánica 2/2012).*
- *Avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria en fase de elaboración, execución e liquidación do orzamentos (artigo 11 L.O. 2/2012).*
- *Informe de seguimento do Período Medio de Pago a provedores (art. 18.5 L.O 2/2012).*
- *Informe sobre o cumprimento do Plan económico-financiero -PEF- (artigos. 19, 22.2 y 25.3 RD 1463/2007).*
- *Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados (art. 32.1 RCI).*

b. As previstas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL):

- *Informe de sustentabilidade financeira para o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación (Art. 7.4 LRBRL).*
- *Informe de sustentabilidade financeira para a constitución de consorcios (Art. 57 LRBRL).*
- *Informe de sustentabilidade financeira das propostas de xestión directa dos servizos públicos de competencia local a través de entidade pública empresarial local ou de sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública (Art. 85 LRBRL).*
- *Informe de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira do exercicio das súas competencias, no caso de que a entidade local propoña exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas (Art. 86 LRBRL).*

c. As previstas no Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):

- *Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. (Art. 218.1 de TRLRFL).*
- *Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e por el Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos (Art. 218.3 de TRLRFL).*



- Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro sobre a Entidade Local (Art. 220 TRLRFL).
- Informe acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica específica nos investimentos financeiramente sustentables (Disposición Adicional 16º de TRLRHL).
- Informe anual e dación de conta ao Pleno, xunto coa liquidación, do grado de cumprimento dos criterios legalmente previstos para os IFS (apartado 6 D.A. 16ª do TRLRFL).
- Informe ao Ministerio de Facenda dos investimentos realizadas en aplicación do lo previsto na la Disposición Adicional 16º de TRLRHL. (Apartado 8 da D.A. 16ª do TRLRFL)
- Control financeiro en materia de ingresos, nos supostos nos que se substitúe a fiscalización previa de dereitos pola toma de razón na contabilidade (artigo 219.4 TRLRFL).
- (...)

Respecto das actuacións de control financeiro derivadas dunha obriga legal, como apuntamos anteriormente, hai que diferenciar as que se realizan de xeito continuo (**non planificables**) e as que se realizan con posterioridade e mediante aplicación de técnicas de auditoría (**planificables**).

As actuacións de control permanente e non planificables que se realizan de xeito continuado, con ocasión da fiscalización ou intervención, como apartado específico do informe ou, no seu caso, Informe complementario e independente, non precisan para a súa esixibilidade da incorporación a un Plan anual de control financeiro.

A enumeración referida non se considera exhaustiva de xeito que aínda que non enumeradas neste Plan, constitúen actuacións de control financeiro permanente de obrigado cumprimento calesquera outras previstas ou que se inclúan como tal con posterioridade na normativa legal aplicable ás entidades locais.

As actuacións de control financeiro realizadas a posteriori e mediante a aplicación de procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións dadas ao efecto pola Intervención Xeral da Administración, conforman as actuacións de control financeiro planificables.

Como actuacións de control financeiro derivadas dunha **OBRIGA LEGAL e PLANIFICABLES**, inclúense as seguintes:

- Tal e como recolle o artigo 12.3 da lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso de la factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, as Intervencións Xerais ou órganos equivalentes de cada Administración realizarán unha auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na normativa.
- Así mesmo, inclúense nas obrigas de control financeiro a elaboración do Informe resumo anual sobre morosidade, segundo o previsto no apartado 2 do artigo 12 da Lei 25/2013, e a elaboración do Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao orzamento (conta 413), segundo o previsto na



Disposición Adicional Tercera da Lei Orgánica 9/2013, do 9 de setembro, de Control da Débeda Comercial no Sector Público.

- *No ámbito das subvencións o RD 424/2017, recolle a obriga xa prevista na Lei 38/2003 de Subvencións, no que respecta ao control financeiro nesta materia.*
- *En materia de ingresos, cando se substitúe a fiscalización previa pola toma de razón na contabilidade, debe realizarse un control financeiro a posteriori. De acordo co disposto nas Bases de execución do Orzamento Provincial (base 40) realizarase a fiscalización previa dos dereitos mediante comprobación pola Intervención das liquidacións que se fan polos centros xestores ou polo ORAL. Noutros conceptos de ingresos (ingresos doutras AAPP, etc) substitúese pola toma de razón na contabilidade, polo que deberán ser obxecto de inclusión nos plans anuais de control financeiro.*

No que atinxe aos ingresos xestionados polo ORAL, as bases de execución sinalan que a fiscalización previa dos actos de xestión correspondentes aos dereitos que por delegación doutros Entes Públicos, tramita a Deputación a través do ORAL, referidos á aprobación dos padróns, beneficios fiscais sen dereito a devolución, aprazamentos/fraccionamentos e anulación de liquidacións por causas distintas á prescrición ou insolvencia, substituirase pola toma de razón en contabilidade e control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

B. Actuacións de control permanente seleccionadas anualmente sobre a base dunha ANÁLISE DE RISCOS.

Nas restantes materias non previstas como actuacións suxeitas a control permanente de carácter obrigatorio, deberase proceder a avaliación e selección sobre a base dunha análise de riscos.

Neste sentido resultaría desexable a elaboración dun mapa de riscos e elaboración dun programa a medio prazo que, en función das prioridades, sirva de base para a elaboración do plan anual de control financeiro.

Non en tanto a limitación de medios, e a necesidade de priorizar o cumprimento das actuacións de control financeiro preceptivas, imposibilitan o deseño dun plan anual máis global. A inclusión de maiores actuacións, aínda que desexable, suporía a elaboración dun documento ou programación que desde o principio, sabemos que non se vai cumprir.

2.3.2. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE AUDITORÍA

A auditoría prevese no RD 424/2017 como unha modalidade de control financeiro, delimitada desde un punto de vista subxectivo, pola natureza da entidade obxecto do control (entidades privadas ou públicas dependentes ou adscritas á entidade local



territorial), temporal (a posteriori), e procedimental (conforme as normas e procedementos de auditoría).

Esta modalidade control comprende as auditorías de contas ou financeiras, de cumprimento e operativas.

Como actuacións de auditoría de obrigado cumprimento, o artigo 29.3 do Real Decreto 424/217 sinala a auditoría de contas de organismos autónomos, entidades empresariais, fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola normativa específica, fondos e Consorcios. A realización de auditorías de sociedades mercantís ou fundacións non obrigadas a auditarse segundo normativa específica poderán incluírse, no seu caso, no Plan de anual de auditorías.

As outras dúas modalidades de auditoría, de cumprimento e operativas en entidades do sector público non sometidas a control permanente serán obxecto de selección e planificación en base a un análise de riscos.

2.3.3. ACTUACIÓNS A INCLUIR NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA – 2025

Como xa se expuxo anteriormente e na mesma liña dos plans anteriores, a limitación de medios dispoñibles condicionan o deseño e programación do plan anual.

Coas limitacións referidas, e sen prexuízo da inclusión das actuacións de control permanente obrigatorias e de execución continua, o Plan Anual de Control e Auditoría exercicio 2025 inclúe as seguintes actuacións planificables que estruturamos en tres Bloques:

A. CONTROL FINANCEIRO

A.1. Control financeiro en materia de SUBVENCIONES.

O control financeiro en materia de subvencións desenvólvese como Anexo incorporado ao presente en Plan, na liña dos plans anuais aprobados en anos anteriores.

Aplicando criterios de risco, baseados na experiencia, combínanse dous criterios de selección, un criterio de inclusión automática para expedientes de maior contía e outro de selección aleatoria por mostreo en función do procedemento de concesión e contía, previa determinación de expedientes excluídos.

Como no ano anterior, prescínlese da colaboración externa para realización deste control, propoñéndose a execución con medios propios. A planificación detallada deste control inclúese como documento anexo.

A.2. Control financeiro en materia de ingresos

O importante volume de recursos xestionados por esta Deputación, impide abranguer a totalidade de ingresos e operacións. Ao tratarse de recursos xestionados para outras entidades destes, considérase como de especial interese, os recursos xestionados polo ORAL. A determinación das áreas de maior risco, realizouse en función de criterios de:



- *Supostos de toma de razón en contabilidade sen fiscalización previa plena (Base 48 das BEO 2022).*
- *Complexidade da normativa de aplicación.*
- *Volume de recursos xestionados.*
- *Experiencia do equipo de fiscalización do ORAL.*

O control incorporado ao plan anual 2023 referiuse aos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, correspondentes co Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) – Urbana.

O control planificado para o exercicio 2024 incorporou a revisión dos expedientes de apazamento e fraccionamento e de concesión de beneficios fiscais.

O control do plan 2023 foi executado estando pendente de incorporar ao expediente o informe definitivo, logo do análise e valoración das alegacións presentadas pola Tesouraría. O control do plan 2024 atópase pendente de execución. Estes controis son executados pola Vicenterventora, de xeito que a coincidencia temporal coa execución dos traballos de estudo e supervisión do proceso de implantación dos novos sistemas de xestión económico – patrimonial imposibilitou a finalización dos controis referidos.

Á vista do exposto as actuacións a incorporar ao Plan anual 2025 terán por obxecto á emisión do informe definitivo do control executado ao abeiro do plan anual 2023 e a execución dos traballos de control previstos no plan anual 2024 e pendentes de execución.

Na medida en que se avance na execución, e segundo a dispoñibilidade de medios o permita, poderase proceder á ampliación do ámbito do control e/ou do número de expediente analizados.

A.3. Control financeiro en materia de morosidade

De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, o órgano de control interno elaborará un informe no que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade.

En liñas xeras o referido informe terá por obxecto:

- *Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre morosidade.*
- *Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre o período medio de pago*
- *Verificar o cumprimento das obrigas de remisión da información ao Ministerio de Facenda nos prazos establecidos pola normativa aplicable.*

B. AUDITORÍA DE CONTAS DE ENTIDADES DEPENDENTES.

No que respecta á auditoría de contas das entidades adscritas (consorcios), cómpre sinalar a modificación do apartado terceiro do artigo 122 da Lei 40/2015, pola Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2023, que, con efectos desde a entrada en vigor da Lei e con vixencia indefinida, modifica a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, limita a obrigatoriedade de realización da



auditoría de contas dos consorcios a aqueles supostos nos que se superen determinados importes referidos ás partidas de activo, ingresos de xestión ordinaria ou número medio de traballadores³. Esta modificación supón a exclusión da obrigatoriedade de auditar as contas do Consorcio contra Incendios Deza Tabeirós, de xeito que, aínda que a inclusión no Plan anual de control é potestativa para esta Intervención, considerando que esta entidade xa foi auditada no ano 2021 (respecto do exercicio 2020) e a falta de acontecementos ou cambios relevantes na estrutura organizativa ou de xestión, optase por non incluírse no plan.

O plan anual inclúe así a realización das auditorías de contas do Consorcio Provincial contra Incendios e da Escola de Enfermería. Para a execución destas auditorías contarase coa colaboración da entidade auditora adxudicataria do contrato de colaboración.

C. AUDITORÍA DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS.

O Plan Anual 2020 incluíu por primeira vez a auditoría de funcionamento do rexistro contable de facturas.

A principal salvidade coa que nos atopamos, advertida nas sucesivas auditorías anuais, correspóndese coa implantación do rexistro de facturas no xestor de expedientes sen integración ou interrelación co programa contable (artigo 8.2 da Le 25/2013, artigo 4.1 Orde HAP/492/2014), de xeito que este rexistro non resulta accesible desde a contabilidade. Esta situación corrixiuse no mes de febreiro do ano en curso (2025) coa implantación dos novos sistemas de xestión económico patrimonial, de xeito que desde dita data existe un rexistro de facturas accesible desde o programa contable.

Isto supón a previsibilidade de acadar uns resultados similares en todas as auditorías do rexistro de facturas referidas a anos anteriores. Non en tanto, ao tratarse dun control legal obrigatorio debe incluírse esta actuación no Plan anual.

A Intervención provincial non dispón de persoal con coñecementos avanzados informáticos, de programación e tecnolóxicos, o que constitúe unha importante limitación ao alcance na realización destes traballos. A estes efectos resulta necesario contar coa colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías para a realización de parte das probas obxecto da auditoría. Isto sen prexuízo de que, de acordo cos recomendacións desta Intervención, a parte de auditoría de seguridade poida realizarse por técnico con perfil de

³ Artigo 122.3 da Lei 40/2015 (redacción modificada pola Lei 31/2022, de 23 de decembro):

(...) El órgano de control interno de la Administración a la que se haya adscrito el consorcio, deberá realizar la auditoría de las cuentas anuales de aquellos consorcios en los que, a fecha de cierre del ejercicio, concurren, al menos, dos de las tres circunstancias siguientes:

- a) Que el total de las partidas del activo supere 2.400.000 euros.
- b) Que el importe total de sus ingresos por gestión ordinaria en el caso de los consorcios del sector público administrativo, o la suma del importe de la cifra de negocios más otros ingresos de gestión, en el caso de los pertenecientes al sector público empresarial, sea superior a 2.400.000 euros.
- c) Que el número medio de trabajadores empleados durante el ejercicio sea superior a 50. (...)



auditoría de sistemas que, no caso de inexistencia de persoal propio, poderá ser obxecto de contratación con entidade especializada.

Ao longo do 2024 o equipo de programación do Servizo de Novas Tecnoloxías realizou un inxente traballo de estudo, programación e revisión de procesos para implantación do novo sistema contable, especialmente intenso desde o mes de agosto e ata a actualidade, o que imposibilitou a disposición da colaboración necesaria para a execución da auditoría do rexistro de facturas no 2024.

Á vista do exposto, incorpórase ao Plan anual 2025 a execución da auditoría do rexistro contable de facturas correspondente aos exercicios 2023 e 2024.

Si ben o Plan anual proposto pode considerarse insuficiente, somos conscientes de que a formulación dun Plan anual máis amplo sen a dotación dos medios correspondentes, resultaría de imposible cumprimento. Neste sentido, óptase pola inclusión das actuacións de control financeiro e de auditoría nos ámbitos de carácter obrigatorio, demorando a vindeiros plans a ampliación das actuacións de control nestes campos, así como a inclusión doutras áreas ou materias que se consideren prioritarias en función dunha análise de riscos.

2.4. ÁMBITO TEMPORAL

Con carácter xeral, o alcance temporal do presente Plan abarca desde a súa elaboración pola Intervención ata o 31 de decembro de 2025, de conformidade co seguinte:

- 1. O control permanente obrigatorio e non planificable levarase a cabo durante todo o período de vixencia referido no parágrafo anterior, segundo prazos sinalados pola normativa e/ou esixidos pola tramitación do expediente en cuestión.*
- 2. O ámbito temporal de execución do Plan de control financeiro en materia de subvencións levarase a cabo desde a elaboración do Plan ata o 31/12/2025 realizándose sobre os expedientes das subvencións concedidas no exercicio 2023.*
- 3. O control financeiro en materia de ingresos é referido ao ORAL levarase a cabo desde a elaboración do Plan ata o 31/12/2025.*
- 4. As auditorías de contas do Consorcio Provincial e da Escola de Enfermería levaranse a cabo no 2025 respecto das contas do exercicio 2024, con previsión de execución e finalización dos traballos antes do 15/10/2025.*
- 5. A auditoría de funcionamento do rexistro contable de facturas, abranguerá o funcionamento do rexistro nos anos 2023 e 2024, e executarase no segundo semestre do 2025.*
- 6. O control en materia de morosidade, efectuarase de xeito trimestral respecto das obrigas pendentes de recoñecemento transcorridos tres meses desde a data do rexistro da factura. O informe anual en materia de morosidade referido ao ano 2024, foi emitido en data 14/02/2025.*

Ao presente plan sucederalle outro en cuxa elaboración teranse en consideración as conclusións acadadas neste. En tanto non se aprobe o vindeiro plan, o presente plan terase por prorrogado.



ANEXO: PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS NO EXERCICIO 2023

I. INTRODUCCIÓN.

O control financeiro de subvencións correspóndese cunha parte do control financeiro que debe desenvolver a entidade. Dando continuidade aos traballos de control financeiro realizados sobre as subvenciones concedidas, no presente exercicio se realizará o control financeiro sobre as concedidas no exercicio 2023.

Como en exercicios precedentes, no 2023 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns casos, realízase a inspección física e verificase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.

O control financeiro das subvencións determínase no artigo 44 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS). No apartado 3 do devandito artigo establécese que: “a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...” Así mesmo a Disposición adicional 14ª establece que “os procedementos regulados nesta Lei adaptaranse regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais”, e esta adaptación aínda non se produciu a día de hoxe na Deputación, aínda que se establecen na base 25 das Bases reguladoras do Orzamento provincial unha serie de requisitos sobre ela.

Adicionalmente subliñar que no exercicio 2016 apróbase polo Pleno da Deputación, na sesión ordinaria do 28 de outubro, a “Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra”, BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016, que dedica o seu art. 31 o Control Financeiro.

Na disposición adicional décimo cuarta da LXS establécese que: “a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes corresponderá aos órganos ou funcionarios que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións a que se refiren os artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”.

Neste exercicio, tal e como se implantou en exercicios precedentes, o criterio de selección de expedientes atenderá a os de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que se fará a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento nominativo que superen os 35.000,00 €, dado que son os de maior volume económico, e onde se concentra mais risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios anteriores.



Polo que respecta as concedidas por concorrencia competitiva do capítulo 7 do orzamento de gasto (inversións), son seleccionadas todas as que superen ou igualen o importe de 10.000,00 € como en exercicios anteriores. Respecto as do capítulo 4 se retoma o procedemento de sorteo, se ben se realizará por centros xestores de subvencións, e seleccionando o 20 % dos expedientes tramitados por cada un deles.

II. MARCO XURÍDICO DE REFERENCIA.

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*
- *R. d. I. 2/2004, de 4 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).*
- *Bases de execución dos orzamentos da Deputación.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, en materia de control financeiro.*
- *Bases específicas reguladoras das subvencións concedidas.*
- *Normas de auditoría do sector público.*

III. OBXECTO DO CONTROL.

Este control terá por obxecto verificar:

- *A adecuada e correcta obtención das subvencións polas entidades e persoas beneficiarias.*
- *O cumprimento por parte do colectivo de persoas beneficiarias e entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.*
- *A adecuada e correcta xustificación das subvencións e a consecución do obxecto da subvención.*
- *A realidade e regularidade das operacións que de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, foron financiadas coa subvención.*
- *O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.*
- *A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polas entidades e persoas beneficiarias, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.*

IV. PERSOAL QUE REALIZARÁ O CONTROL FINANCEIRO.



Aínda que a función interventora a exercerá o interventor da Deputación, o artigo 222 do TRLRFL, en referencia ás facultades do persoal controlador, dispón que se realizará por “os funcionarios (...) que se designen para levar a efecto os controis financeiro e de eficacia (...)”, o que fai necesario que exista un nomeamento por parte do órgano competente para os efectos de dotar de medios persoais e materiais se fosen necesarios para o desenvolvemento desta tarefa.

A este respecto o Título III da ordenanza xeral de subvencións dispón no apartado 17 que este control financeiro se realizará polo Órgano Interventor.

Para iso a Intervención provincial elabora o presente plan de control financeiro das subvencións concedidas no ano 2023 co fin de comprobar os extremos anteriormente expostos.

V. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

No Control Financeiro de 2023 se levarán a cabo dous tipos de traballo, Control Financeiro Pleno e de comprobación de que as subvencións concedidas para adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, compren cos períodos de adscrición determinados nas bases reguladoras de concesión e os previsto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións. Ditos traballos consistirán, basicamente, en:

Actuacións de control financeiro efectuarase:

- *O exame de rexistros contables e estados financeiros que a soporten.*
- *Operacións individualizadas relacionadas ou que afecten ás subvencións concedidas.*
- *A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con elas.*
- *A comprobación material dos investimentos financiados.*
- *As actuacións concretas de control que se deban realizar conforme á normativa reguladora.*
- *Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.*

Actuación de comprobación do período de adscrición consistirán:

- *Adicionalmente aos traballos anteriores, se engadirá un informe sobre a comprobación in situ da referida adscrición.*

*Polo que respecta ás **obrigas de colaboración**, conforme establece o artigo 46 da LXS, existe deber de colaboración por parte de terceiras persoas, en relación co obxecto da subvención, debendo prestar colaboración a axentes da fiscalización, no exercicio das súas funcións de control e en concreto, permitir o libre acceso á documentación, a locais de negocio, facilitar a obtención de copias e retención de facturas ou documentos e equivalentes ou substitutivos así como libre acceso á información das contas bancarias nas entidades financeiras onde puidese efectuar o cobro das subvencións ou con cargo ás que se puidese realizar a disposición dos fondos.*



A negativa ou escusa ó cumprimento desta obrigaón considérase resistencia, obstrución ou negativa á colaboración cos efectos previstos no artigo 37 da LXS, sobre causas do reintegro de subvencións.

Polo que respecta ó establecemento do **procedemento do control financeiro**, este constará das seguintes fases:

- Elaboración pola Intervención do plan de control financeiro.
- Selección da mostra. Definindo claramente a liña ou liñas de subvención obxecto de control financeiro, así como dos criterios seguidos na selección dos expedientes para a realización do traballo.
- Iniciación. Mediante a oportuna notificación ás entidades e persoas beneficiarias das actuacións para desenvolver. Data da comparecencia do equipo, natureza e alcance das actuacións para desenvolver, documentación que debe poñerse a disposición del e demais elementos necesarios.
- Finalización. As actuacións de control finalizarán coa emisión dos correspondentes informes comprensivos dos feitos postos de manifesto e das conclusións que deles se deriven.
- Prazo de actuacións. As actuacións de control financeiro deberán concluír nun prazo máximo de 12 meses contando desde a data de notificación a aqueles do inicio destas. O devandito prazo poderá ampliarse, co alcance e requisitos que se determinen regulamentariamente, cando nas actuacións concorra algunha das seguintes circunstancias:
 1. Se revisten durante o seu transcurso especial complexidade.
 2. Cando no transcurso das actuacións se descubra que a entidade ou persoa beneficiaria ocultou información ou documentación esencial para un adecuado desenvolvemento do traballo.
- Documentación das actuacións de control financeiro. Toda actuación de comprobación deberá documentarse en dilixencias e informes. Así mesmo, toda actuación de control finalizará coa emisión dun informe que recolla os feitos postos de manifesto, e das conclusións que deles se desprendan. Tanto unhas coma outras terán a natureza de documentos públicos e farán proba dos feitos que motiven, salvo proba en contrario.
- Efectos dos informes. Se como consecuencia do informe emitido se derivase a procedencia dun reintegro ou a imposición dunha sanción, a LXS establece un procedemento contraditorio. Nestes casos darase traslado do informe a entidade ou persoas beneficiarias as conclusións ás que se chegou, para o que disporá de 15 días para alegar, coa finalidade de aceptalas ou desestimalas. A Presidencia, no prazo dun mes, desde a recepción do informe definitivo, deberá acordar mediante Resolución presidencial o inicio do expediente de reintegro ou sanción, notificándollo á entidade ou persoa beneficiaria, que disporá de 15 días para alegar. Unha vez concluído o procedemento ditarase unha resolución definitiva da cal se dará traslado ó negociado de xestión de recursos económicos para emitir un cargo polo importe correspondente ó reintegro ou a sanción.
- Conclusións e recomendacións. Unha vez que se concluíu totalmente o plan de control financeiro dun exercicio, e independentemente das actuacións propostas en cada un dos informes que se emitan, a Intervención provincial elaborará un



informe no que se resuma o resultado global das actuacións levadas a cabo e as recomendacións de mellora que se estimen oportunas.

- *Do resultado deste control financeiro se actuará conforme o disposto nos art. 35 e 36 do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Asemade, e conforme o disposto no art. 37 do mesmo texto legal o órgano interventor elaborará un resumo dos resultados que se incluírá no do resultado do control interno sinalado no art. 213 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con ocasión da aprobación da conta xeral da Deputación e os seus organismos dependentes.*

VI. PLAN DE CONTROL FINANCIERO DE SUBVENCIONES CONCEDIDAS NO ANO 2023.

VI.1. Obxecto e determinación dos expedientes a examinar.

O desenvolvemento do control financeiro que se realizará no exercicio 2025 estenderase sobre as subvencións concedidas no ano 2023 xa que na data de realización dos traballos deberán estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente, se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente, independentemente do seu resultado, coa finalidade de acadar unha maior diversidade das entidades beneficiarias de subvencións incluídas no control.

Como consecuencia o detalle da mostra a traballar queda do seguinte xeito:

	SUBVENCIONES NOMINATIVAS E DIRECTAS DO 2023	
TOTAL DE SUBVENCIONES 2023	88	2.838.813,70 €
SELECCIÓN. MAIORES DE 35.000,00 €	10	505.341 €
COBERTURA	11,36 %	17,80 %

Serán obxecto de Control Financeiro 10 expedientes de subvencións nominativas e directas, sendo seleccionadas as que superan o importe de 35.000,00 €, dun total de 88 do ano 2023, acadando unha cobertura de 17,80% do importe concedido .



Por outra banda se seleccionaran por sorteo 21 expedientes concedidos en concorrencia competitiva, entre as de importe superior a 6.000,00 € ata acadar o 20 % dos concedidos por centro xestor, o seu detalle a sortear é:

CENTRO XESTOR	EXP.	20%
CULTURA	17	3
DEPORTES	77	15
COHESIÓN SOCIAL E XUVENTUDE	5	1
FOMENTO DE EMPREGO	4	1
	103	21

A selección por mostraxe se fará utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procederase, mediante unha fórmula aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedemos a buscar dentro este rango de números aleatorios os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.

Adicionalmente pódense incluír no programa de traballo aqueles expedientes que de forma motivada se propoñan por os diferentes Centros Xestores da Deputación, indicando aqueles incumprimentos que a o seu criterio se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes que no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.

A determinación dos expedientes a revisar que a inversión continúa adscrita o obxecto para que foi concedida, se fará sobre aquelas subvencións concedidas por importe igual ou superior a 10.000,00 €.

CAP. VII MAIOR OU IGUAL A 10.000,00 €						
CENTRO XESTOR	Nº EXP.	IMPORTE	TOT. EXPD.	% EXP.	IMPORTE	% IMP.
MED. AMB.	10	248.859 €	17	58,82 %	429.215,19 €	57,98%
PAT. DOC	7	81.673 €	8	87,50%	93.580,77 €	87,28%
COBERTURA	17	330.532 €	25	68,00%	522.795,96 €	63,22%



VI.2. Equipo de traballo

Crearase un equipo de traballo que baixo a dirección da Viceinterventora estará composto polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, a Xefa de Negociado de Contabilidade e Inmobilizado e a Técnica de Contabilidade e Control Financeiro.

No exercicio das actuacións de control os funcionarios que participen nestas tarefas actuarán coas facultades previstas no artigo 47 da LXS e suxeito ós deberes do artigo 48.

VI.3. Informes

Os informes deberán axustarse ás Normas de auditoría do sector público.

No caso que se proceda ó reintegro da totalidade ou parte da subvención iniciárase o expediente de reintegro por parte de Intervención, do que se dará coñecemento ó centro xestor así como a Tesourería para os efectos da súa recadación como ingreso de dereito público.

Do resultado deste control financeiro se actuará conforme o disposto nos art. 35 e 36 do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Asemade, e conforme o disposto no art. 37 do mesmo texto legal o órgano interventor elaborará un resumo dos resultados que se incluírá no do resultado do control interno sinalado no art. 213 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con ocasión da aprobación da conta xeral da Deputación e os seus organismos dependentes.”

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2025**, en relación ó disposto artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

11. Rogos e preguntas.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as dez horas e trinta e sete minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

